<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos.</li> <li>▪ B3.6. Edición e montaxe de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PROD</li> <li>PROX</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>R-PROD</li> <li>R-PROX</li> </ul>	5.1

Bloque 3. Organización, diseño e produción de información dixital							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Temporalización (Unidade)
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ o</li> </ul>	<p>materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	PROD PROX	R-PROD R-PROX	5.1

Bloque 4. Seguridade informática							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Temporalización (Unidade)
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas.</li> <li>▪ B4.2. Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección.</li> <li>▪ B4.3. Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e devasas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> </ul>	PROB	PROB_E	3.1
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> </ul>	PROB OBS	PROB-E R-OBS	3.1
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	PROB	PROB-E	3.1

Bloque 5. Publicación e difusión de contidos							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Temporalización (Unidade)
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Compartición de recursos en redes locais e en internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	PROD	R-PROD	6.1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Deseño de páxinas web sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	PROD	R-PROD	6.1
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	PROD OBS	R-PROD R-OBS	6.1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Creación e publicación na web. Estándares de publicación.</li> <li>▪ B5.5. Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	PRACT OBS	R-PRACT R-OBS	6.1

Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Temporalización (Unidade)
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Creación e publicación na web de materiais multiplataforma accesibles.</li> <li>▪ B6.2. Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde.</li> <li>▪ B6.3. Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade.</li> <li>▪ B6.4. Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	PROD	R-PROD	7.1
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	PRACT OBS	P-PRACT R-OBS	7.1
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> </ul>	PRACT	R-PRACT	7.1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.5. Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	OBS	OBS	7.1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	PRACT	R-PRACT	7.1

## **5.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia**

Na seguinte táboa recóllense os estándares de aprendizaxe e o seu grado mínimo de consecución.

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Grao de consecución mínimo</b>
<b>Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Interactúa con hábitos adecuados, aínda que cometendo algúns erros</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais na maior parte dos casos</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente na maior parte dos casos</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Consulta poucas fontes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución, aínda que con algunhas confusións cos diferentes tipos de licenzas.</li> </ul>
<b>Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<b>Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<b>Bloque 4. Seguridade informática</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<b>Bloque 5. Publicación e difusión de contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<b>Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>

## 5.5 Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave

De seguido recóllense as aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave. Estes aprendizaxes serán a referencia para o caso de ensino non presencial.

Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede</b>		
▪ B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	▪ TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	▪ CD ▪ CMCCT
▪ B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	▪ TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
<b>Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes</b>		
▪ B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	▪ TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	▪ CD ▪ CMCCT
▪ B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	▪ TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCL
<b>Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital</b>		
▪ B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	▪ TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC
	▪ TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSIEE
▪ B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	▪ TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CSC



Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave	
		▪ CAA	
<b>Bloque 4. Seguridade informática</b>			
▪ B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	▪ TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	▪ CD	CMCCT
	▪ TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	▪ CD	CCL ▪ CMCCT. ▪
<b>Bloque 5. Publicación e difusión de contidos</b>			
▪ B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	▪ TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL	▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC
▪ B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.	▪ TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL	▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
<b>Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión</b>			
▪ B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.	▪ TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	▪ CD ▪ CMCCT. ▪ CCL	▪ CAA ▪ CSC
▪ B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.	▪ TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	▪ CD ▪ CMCCT.	▪ CCL ▪ CSC

## **6 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

As producións realizadas polo alumnado (informes escritos, traballos monográficos, traballos realizados con ferramentas informáticas, etc...) e as probas escritas serán puntuadas cunha nota numérica de 0 a 10.

A cualificación que acade un alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

<b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b>	<b>PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN</b>
<p><u>Na 1ª e 2ª avaliación:</u>            Probas escritas            A cualificación correspondente ás probas escritas se calcula como a media aritmética das puntuacións de cada proba.</p> <p><u>Na 3ª avaliación:</u>            Elaboración e publicación dunha páxina web e dun blog. A cualificación correspondente se calcula como a media aritmética das puntuacións de cada unha das dúas producións.</p>	50%
Arquivos de actividades feitas na avaliación. Se entregarán principalmente por medio da aula virtual.	20%
Producións: tarefas, traballos, proxectos, prácticas.	30%
Total	10

Dado o carácter da materia as probas escritas substituíranse nalgúns casos por probas prácticas realizadas con ferramentas informáticas. Os resultados destas probas serán documentos ou arquivos nos que se recolla o traballo realizado.

En canto ao redondeo de decimais no cálculo do total realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior.

No caso de que se detecte que un alumno está a copiar nunha proba ou traballo, esta proba ou traballo será puntuado con 0.

### **Caso de ensino semipresencial e non presencial**

No caso de ensino semipresencial as probas escritas do alumnado que non poda asistir á aula faranse na aula virtual.

No caso de ensino non presencial as probas escritas do alumnado faranse na aula virtual.

As probas feitas na aula virtual se elaborarán de xeito que o alumnado poida facelas cos medios que ten dispoñibles.

As producións realizadas polo alumnado serán entregadas por medio da aula virtual.

Ao final do curso:

PORCENTAXE NA NOTA FINAL	
1.ª avaliación	1/3
2.ª avaliación	1/3
3.ª avaliación	1/3
Total	10

En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media.

O exame extraordinario de setembro abarcará todos os contidos do curso. É necesario acadar unha nota de 5 puntos para acadar unha avaliación positiva.

## **6.1 – Criterios para superar a materia pendente pola avaliación continua**

### **Caso de ensino presencial**

Se proporá ós alumnos o repaso das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. De cada unidade didáctica os alumnos deberán realizar unha serie de actividades escritas ou actividades feitas con ferramentas informáticas, que serán entregadas periodicamente ó profesor. Estas actividades se puntuarán de 0 a 10.

Realizarase unha proba escrita que consistirá nun exame sobre a totalidade dos contidos das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. Esta proba puntuarase de 0 a 10

A cualificación na recuperación dunha avaliación basearase nun 50% na proba escrita realizada. O 50% restante corresponderá á media aritmética das actividades realizadas polo alumno.

En canto ao redondeo de decimais, no cálculo da nota final de recuperación, realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior.

O alumno terá que acadar como mínimo unha puntuación de 5 como cualificación da recuperación da avaliación para que se considere que acadou os obxectivos programados e poida aproba-la dita avaliación.

Algunhas das actividades e materiais curriculares que se utilizarán serán os seguintes:

- 1.- Libro de texto.
- 2.- Materiais curriculares fotocopiáveis.
- 3.- Actividades escritas, traballos monográficos.

### **Caso de ensino semipresencial e non presencial**

As actividades propostas serán entregadas por medio da aula virtual.

As probas escritas do alumnado que non poda asistir á aula faranse na aula virtual. As probas se elaborarán de xeito que o alumnado poida facelas cos medios que ten dispoñibles e poida entregalas por medio da aula virtual.

## **6.2-Superación da materia pendente de cursos anteriores**

Non hai ningún alumno coa materia pendente dos cursos anteriores

## **7 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente**

En cada a avaliación realizarase unha empregando a seguinte táboa:

<b>Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente</b>				
<b>Indicadores</b>	<b>Bo /Boa</b>	<b>Axeitado/a</b>	<b>Mellorable</b>	<b>Malo/a</b>
Adecuación de obxectivos e contidos ás características e necesidade do alumnado				
Adecuación dos criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado				
Grao de consecución das aprendizaxes acadadas polo alumnado				
Medidas ordinarias de atención á diversidade dentro da aula				
Programación didáctica e o seu desenvolvemento				
Organización da aula para desenvolver as programación				
Aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións				
Procedementos de avaliación do alumnado				
Coordinación do profesorado de cada curso				
Coordinación do profesorado de cada curso cos dos cursos anteriores				

## **8 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non hai ningún alumno coa materia pendente de cursos anteriores.

## **9 - Deseño da avaliación inicial**

A avaliación inicial ten por obxecto o coñecemento do marco xeneral no que vai ter lugar a acción docente. Isto significa ter en conta non só o punto de partida dos alumnado, senón o punto de partida da materia (en canto a posibilidades, potencialidades), do profesorado, do Departamento e do Centro. A avaliación inicial debe ter en conta, ademais dos aspectos relacionados co currículo, a atención individualizada, os sistemas de comunicación e os recursos tecnolóxicos e didácticos dispoñibles. O Obxectivo deste tipo de avaliación é conseguir saber o que temos para actuar en consecuencia.

¿Que avaliar? As respostas a esta pregunta poderían ser:

<b>Aspectos a avaliar</b>	
<b>Da materia</b>	<b>Da infraestrutura</b>
Coñecemento previo específico	Coñecemento específico
As características e circunstancias persoais	As características e circunstancias persoais
As aptitudes	As aptitudes
A actitude	A actitude

É probable que o alumno teña coñecementos previos específicos, obtidos en procesos educativos formais anteriores nesta materia e noutras; e tamén en procesos non formais e informais. Descubrir isto pode ser un excelente punto de partida para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Por outra banda as características e circunstancias persoais adoitan ter unha importancia decisiva no que se refire ás probabilidades de éxito-fracaso. Tamén é relevante o coñecemento das aptitudes (habilidades intelectuais, destrezas) e as actitudes cara o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe, o que proporciona información sobre as motivacións coas que os abordan.

Todas estas cuestións a avaliar respecto da materia de estudo deben ser estendidas ó manexo das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) que serán habitualmente utilizadas no traballo educativo. Pese a crecente simplicidade no manexo das TIC, moitas persoas atopan dificultades para manexarse adecuadamente con elas.

A avaliación inicial basearase en varias fontes de información:

- Proba escrita realizada coa finalidade de detectar coñecementos previos.
- Observacións
- Cuestións iniciais das primeiras unidades didácticas.

O resultado da avaliación inicial permítenos orientar o proceso de ensinanza aprendizaxe e guiarnos na toma de decisións sobre grupos de traballo, actividades, ...

De confirmarse dificultades graves no proceso de ensinanza-aprendizaxe dun alumno/a, porase en coñecemento do departamento de orientación para estudar a posibilidade de levar a cabo un reforzo, ou de ser necesario, aplicar unha medida extraordinaria como unha adaptación curricular individualizada (ACI).

## **10 - Medidas de atención á diversidade**

No contexto dun ensino formal presencial, un dos obxectivos que deben exporse é a individualización do proceso de ensino e aprendizaxe, pois cada estudante é diferente ao resto tanto en actitudes como en aptitudes. Tendo en conta de que os ritmos de aprendizaxe difiren duns estudantes a outros, é labor do docente trazar as estratexias adecuadas para tratar que todos os alumnos e as alumnas dispoñan das mesmas oportunidades para alcanzar, por unha banda, os obxectivos marcados na etapa e, por outro, o grao de desenvolvemento persoal ao que pode optar cada cal.

Como en todo grupo humano, fan a súa aparición as características propias de cada un, que fan patentes diferentes ritmos de aprendizaxe, diferentes habilidades e diferentes competencias, que enriquecen ao grupo, pero que demandan unha atención expresa por parte de quen ten a obrigaón de ensinar. Existen, pois, alumnos e alumnas metódicos, e outros irregulares na maneira de abordar o traballo; alumnos e alumnas autónomos, e outros dependentes á hora de enfrontarse á súa propia aprendizaxe; alumnos e alumnas concisos, e outros ampulosos ao expor os seus puntos de vista ou os contidos apresos; alumnos e alumnas reflexivos, ou pola contra, impulsivos, en relación á forma de desenvolver as diferentes tarefas encomendadas. A todos eles é preciso ofrecerlles un camiño que lles permita conseguir o máximo grao de progreso persoal posible.

Nesta materia, o tratamento da diversidade enfocouse a través de dous fíos condutores:

7. A programación de contidos, adaptada ao currículo oficial. A selección e estruturación da información mostrada ten o obxectivo de resultar familiar ao alumnado. A profundidade coa que se desenvolven os temas persegue combinar en difícil equilibrio o rigor que se lle debe a unha disciplina científica coa claridade expositiva e co carácter motivador do estilo empregado.
8. As diferentes actividades prácticas propostas para afianzar os contidos buscan xerar no alumnado unha disposición ao traballo, esforzo e compromiso persoais coa súa propia aprendizaxe, que favoreza a asimilación dos conceptos teóricos estudados. Estas actividades poderían ser clasificadas en dous grupos definidos:
  - a) Actividades de detección de coñecementos previos. Resultan fundamentais para iniciar a argumentación da unidade correspondente sobre unha base real da situación dos estudantes. Poderían mencionarse neste aspecto:
    - Aquelas que propician un debate entre os estudantes e que favorecen o coñecemento dos seus puntos de vista.

- Aquellas que remiten a coñecementos que deberían estar adquiridos e que deben ser repasados.
- b) Actividades de consolidación, é dicir, as que traballadas a medida que van sendo expostos os diferentes contidos, serven para guiar o esforzo dos estudantes na asimilación dos mesmos. A deste tipo:
- Exercicios e actividades individuais relacionadas ca unidade.
  - Actividades que poden ser resoltas en grupo e que permiten a integración das diversas sensibilidades na confección dun único traballo, á vez que favorecen a aceptación das aptitudes e carencias dos diferentes membros do grupo.
  - Actividades de realización persoal, que poden ser escollidas en función da natureza de cada estudante co obxectivo de despreparar o maior número de habilidades que cada un teña.



## **11 - Elementos transversais**

Os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

A seguinte táboa recolle os elementos transversais:

Comprensión lectora	1
Expresión oral e escrita	2
Comunicación audiovisual	3
Tecnoloxías da innovación e a comunicación	4
Emprendemento	5
Educación cívica e constitucional	6
Desenvolvemento sostible e medio	7
Os riscos de explotación e abuso sexual	8
Abuso e maltrato das persoas con discapacidade	9
Situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC	10
Protección ante emerxencias e catástrofes	11
Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor	12
Adquisición das competencias para o desenvolvemento dos diversos modelos de empresa	13
Fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario	14
Ética empresarial	15
Educación e seguridade vial	16

Relación entre os elementos transversais e os estándares de aprendizaxe nos que se traballan.



## **12 - Actividades complementarias e extraescolares**

As actividades complementarias e extraescolares dependerán da evolución da situación sanitaria derivada da COVID-19, no podendo precisarse no momento de elaborar a programación.

## **13 - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación**

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Empregarase unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariade			

### **14 - Accións de contribución ao proxecto lector**

Para o fomento da lectura e escritura e da comprensión lectora realizaranse actividades recollidas no Proxecto lector do IES de Mugarodos e adaptadas ós contidos das materias. As actividades poden variar en función do curso ou para unha mellor atención á diversidade. Entre outras realizaranse as seguintes actividades:

- Asunción da proposta de modelo para o alumnado de elaboración de traballos escritos recollidas no Proxecto lector.
- Lectura analítica e crítica dos textos propios de cada materia.
- Intervencións sobre o vocabulario vangardista para o alumnado ou específico da temática a tratar.
- Uso de lecturas complementarias extraídas de distintas fontes como prensa, revistas, páxinas web, etc. para reforzar coñecementos adquiridos.
- Lectura selectiva de textos propostos polo profesorado en soporte informático.
- Lectura e posta en común das respostas do alumnado ás cuestións propostas, co obxectivo de provocar reflexión sobre as solucións aportadas.

### **15 - Accións de contribución ao proxecto TIC**

As TIC forman unha parte esencial do currículo da materia e pode decirse que “son” a materia. A materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación é especialmente indicada para traballar os contidos e destrezas que contribúan a adquirir unha adecuada competencia no tratamento da información e competencia dixital.

Ademais dos contidos propios das TIC do currículo, estas empregaranse noutras partes da materia dos seguintes xeitos:

- adquisición de información ( internet, enciclopedias electrónicas, ...).

tratamento da información: elaboración de memorias, realización de debuxos, esquemas, planos, etc.

Este curso dada a situación derivada da COVID-19 é previsible que poden darse situacións de ensino semipresencial ou non presencial, polo que se fará uso da Aula Virtual dende o principio do curso para asegurarse que o alumnado pode entrar na aula sen problemas e coñece o seu manexo.

### **16 - Accións de contribución ao plan de convivencia**

Ademais de colaborar no que a nivel de centro se solicite, as normas e fomento dos valores de convivencia forma parte da esencia mesma da nosa labor docente. O Traballo colaborativo por proxectos, as dinámicas de grupo, o método de resolución de problemas son principios metodolóxicos que nos son propios.; así como os contidos transversais que van parellos ó resto dos contidos das materias.

### **17 – Obxectivos para o presente curso**

Os obxectivos se especifican en relación ós bloques do currículo da materia

#### **Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede**

Valorar os beneficios da sociedade da información e saber contrapoñelos cos perigos dun mal uso das novas Tecnoloxías.

Utilizar políticas de seguridade no uso dos seus contrasinais, velar por coidar a propia imaxe persoal e ser cauteloso á hora de expoñer a privacidade en entornas tecnolóxicos. Protexer os datos persoais e actuar con precaución para evitar as numerosas posibilidades de fraude na Rede.

Respectar a propiedade intelectual e saber diferenciar que contidos poden ser utilizados nas producións. De igual modo utilizar servizos multimedia libres para acceder a contidos culturais e para publicar as propias creacións.

Fomentar o uso de software legal baixo as distintas licenzas.

### **Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes**

Recoñecer os principais compoñentes dun ordenador comprendendo as características de funcionamento que os definen así como o seu correcto conxicionado.

Instalar un Sistema Operativo resolvendo problemas de funcionamento de dispositivos periféricos.

Instalar e desinstalar correctamente software de terceiros de propósito xeral.

Respectar a propiedade intelectual e saber diferenciar que programas poden ser instalados e distribuídos libremente ou están suxeitos a distribución comercial.

Cofecer as ferramentas de accesibilidade que os SO poñen a disposición dos usuarios.

Diferenciar e explicar adecuadamente a instalación de Sistemas Operativos en máquinas virtuais e a súa aplicación nos entornas de traballo virtualizados.

Recoñecer os principais compoñentes dunha Rede informática e realizar correctamente unha configuración básica.

### **Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital**

Cofecer e manexar con soltura ferramentas ofimáticas de escritorio para a creación de documentos de distintos tipos.

Respectar a propiedade intelectual e fomentar a creación propia de documentos ofimáticos.

Fomentar o traballo colaborativo en documentos ofimáticos obtendo o maior rendemento das ferramentas.

Recoñecer as distintas ferramentas na nube que nos permiten producir documentos ofimáticos.

Utilizar periféricos para capturar e dixitalizar imaxes, audios e vídeos.

Buscar e seleccionar recursos dispoñibles na Rede para incorporalos ás súas propias producións, valorando a importancia do respecto á propiedade intelectual.

Cofecer as principais características da fotografía dixital, os gráficos vectoriais, o audio e o vídeo dixital así como os distintos tipos de formatos existentes.

Manexar as funcións principais dos programas de tratamento dixital da imaxe fixa, o gráfico vectorial, o son dixital e a edición de vídeo.

Publicar en distintos medios e soportes as creacións multimedia propias.

### **Bloque 4. Seguridade informática**

Respectar as distintas técnicas e medidas de seguridade activa e pasiva no uso dos medios tecnolóxicos. Recoñecer a importancia da actualización do software, uso de antivirus e devasas.

Fomentar o uso compartido de recursos na mesma Rede ou mediante acceso remoto a ordenadores.

Recoñecer as ameazas silenciosas e seleccionar as ferramentas indicadas para loitar contra o malware informático e contra as técnicas de fraude na Rede.

### **Bloque 5. Publicación e difusión de contidos**

Manexar con soltura editores web sinxelos e comprender a linguaxe que utilizan.

Comprender o funcionamento da web e manexar os servizos de hosting para publicar o seu propio sitio web.

Coñecer os diferentes métodos de creación de páxinas web e ter iniciativa para enfrontarse a servizos que non manexaron anteriormente.

Valorar a importancia dun deseño web adaptado para conseguir publicacións accesibles a calquera usuario de web.

### **Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión**

Integrar a información de distintos tipos (textual, numérica e gráfica) para elaborar contidos propios e publicalos na web utilizando servizos de comunidades virtuais e redes sociais.

Coñecer e valorar o sentido e a repercusión social das diversas maneiras de compartir os contidos publicados na web e aplicarlas para os casos en que se difundan as producións propias.

Comprender a historia o evolución de Internet e valorar a repercusión social asociada á súa utilización.

Utilizar os servizos da Web 2.0 que permiten interactuar co usuario.

Desenrolar interese por utilizar Internet non só como fonte de recursos, senón tamén como expositor das súas ideas, creacións e inquietudes.

## **18 – Propostas de mellora do curso anterior incorporadas á programación**

Relación das propostas de mellora incluídas nesta programación como consecuencia da análise dos resultados do curso anterior:

- Potenciar o traballo por tarefas e proxectos.
- Potenciar o uso da aula virtual no traballo diario do alumnado.
- Introducir ó departamento na metodoloxía SEMgal de xeito progresivo, coa finalidade de mellorar resultados e a adquisición das competencias básicas. Deste xeito tamén mellorará o traballo interdisciplinar e a coordinación co profesorado doutras materias.

## **PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN I (1º BACHARELATO)**

### **Índice**

- 1 - Introducción e contextualización
- 2 – Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave
- 3 - Metodoloxía
- 4 - Materiais e recursos didácticos
- 5 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación
  - 5.1 Unidades didácticas
    - 5.1.1 Tarefas e proxectos
  - 5.2 Procedementos e instrumentos de avaliación
  - 5.3 Cadro da programación da materia
  - 5.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia
  - 5.5 Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave
- 6 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
  - 6.1 – Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua
  - 6.2-Superación da materia pendente de cursos anteriores
- 7 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
- 8 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- 9 - Deseño da avaliación inicial
- 10 - Medidas de atención á diversidade
- 11 - Elementos transversais  
Os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e
- 12 - Actividades complementarias e extraescolares
- 13 - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación
- 14 - Accións de contribución ao proxecto lector
- 15 - Accións de contribución ao proxecto TIC
- 16 - Accións de contribución ao plan de convivencia
- 17 – Obxectivos para o presente curso
- 18 – Propostas de mellora do curso anterior incorporadas á programación

## **1 - Introducción e contextualización**

Na actualidade vivimos unha revolución permanente facilmente observable: manexamos información e aparellos tecnolóxicos que fai uns poucos anos non eramos capaces de imaxinar. A forma na que vivimos e traballamos cambiou profundamente e xurdiron un conxunto de novas capacidades e habilidades necesarias para desenvolverse e integrarse na vida adulta, nunha sociedade hiperconectada e nun constante e crecente cambio. Os alumnos e as alumnas deben estar preparados para adaptarse a un novo mapa de sociedade en transformación.

A materia Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) prepara ao alumnado para desenvolverse nun marco adaptativo; máis aló dunha simple alfabetización dixital centrada no manexo de ferramentas que quedarán obsoletas nun curto prazo de tempo, é necesario dotar dos coñecementos, as destrezas e as aptitudes para facilitar unha aprendizaxe permanente ao longo da vida, de forma que o alumnado poida adaptarse con versatilidade ás demandas que xurdan no campo do TIC. Día a día aparecen novos dispositivos electrónicos que crean, almacenan, procesan e transmiten información en tempo real e permiten ao usuario estar conectado e controlar en modo remoto diversos dispositivos no fogar ou o traballo, creando un escenario moi diferente ao de tempos pasados.

O I.E.S. de Mugarodos está situado no concello de Mugarodos. No caso do bacharelato, recibe estudantes non so de Mugarodos senón tamén do concello de Ares. Unha parte do alumnado procede de núcleos de poboación ( a Vila de Ares, a Vila de Mugarodos, Franza e o Seixo). Outra parte procede da zona rural.

En canto as infraestruturas en materia de TIC, a situación é moi variada. Hai zonas con posibilidades de contratar acceso a internet de alta velocidade e outras nas que a velocidade é moi reducida. Isto pode condicionar a capacidade dalgúns alumnos para o acceso desde os seus fogares a recursos pedagóxicos dispoñibles en internet.

A actual realidade económica na comarca fai moi recomendable o emprego de software libre ou gratuíto como medida para fomentar a igualdade e tratar de superar as diferencias socioeconómicas.

Os espazo nos que se impartirá a materia é a Aula de Informática. Esta aula dispón de 17 ordenadores (incluíndo o do profesor), dúas impresoras, impresora 3D e canón proxector. O software dos ordenadores foi totalmente renovado en xuño do 2019, e funciona con fluidez. A maioría dos equipos foron renovados en xuño de 2016. Como punto negativo cabe sinalar a obsolescencia do hardware dos 3 ordenadores non renovados.



## **2 – Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave**

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. A contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación I ao desenvolvemento das competencias clave recóllese na seguinte táboa:

Competencia	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Uso de estruturas de control: operadores, condicións, bloques e estruturas de repetición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Analizar e resolver problemas de tratamento de información, dividíndoos en subproblemas e definindo algoritmos que os resollen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.2.1. Escribe programas que inclúan bucles de programación para solucionar problemas que impliquen a división dun conxunto en partes máis pequenas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	PROD PROB	R-PROD PROB_P	5.1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Execución, proba, depuración e documentación de programas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Analizar a estrutura de programas informáticos, identificando e relacionando os elementos propios da linguaxe de programación utilizada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.3.1. Obtén o resultado de seguir un pequeno programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	PRACT PROB	R-PRACT PROB_P	5.1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d.</li> <li>▪ g.</li> <li>▪ i.</li> <li>▪ l.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Identificación dos elementos da sintaxe da linguaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Coñecer e comprender a sintaxe e a semántica das construcións básicas dunha linguaxe de programación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.4.1. Define o que se entende por sintaxe dunha linguaxe de programación e propón exemplos concretos dunha linguaxe determinada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	PROB	PROB_E	5.1
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Diagramas de fluxo: elementos e ferramentas; símbolos e o seu significado.</li> <li>▪ B5.2. Identificación dos elementos dun programa informático:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Realizar pequenos programas de aplicación nunha linguaxe de programación determinada e aplícalos á solución de problemas reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.5.1. Realiza programas de aplicación sinxelos nunha linguaxe determinada que solucionen problemas da vida real.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT.</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	PROD PROB	R-PROD PROB_P	5.1

Bloque 5. Programación							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Temporalización (Unidade)
	estruturas e bloques fundamentais. ■ B5.3. Deseño de algoritmos utilizando diagramas de fluxo.			■ CCEC,			

## **5.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia**

Na seguinte táboa recóllense os estándares de aprendizaxe e o seu grao mínimo de consecución.

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Grao de consecución mínimo</b>
<b>Bloque 1. A sociedade da información e o computador</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B1.1.1. Describe as diferenzas entre o que se considera sociedade da información e sociedade do coñecemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B1.1.2. Explica cales son os novos sectores económicos que apareceron como consecuencia da xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<b>Bloque 2. Arquitectura de computadores</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B2.1.1. Describe as características dos subsistemas que compoñen un computador, identificando os seus principais parámetros de funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B2.1.2. Realiza esquemas de interconexión dos bloques funcionais dun computador e describe a contribución de cada un ao funcionamento integral do sistema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B2.1.3. Describe dispositivos de almacenamento masivo utilizados en sistemas de computadores, recoñecendo a súa importancia na custodia da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B2.1.4. Describe os tipos de memoria utilizados en computadores, analizando os parámetros que as definen e a súa achega ao rendemento do conxunto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B2.2.1. Elabora un diagrama da estrutura dun sistema operativo relacionando cada parte coa súa función.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B2.2.2. Instala sistemas operativos e programas de aplicación para a resolución de problemas en computadores persoais, seguindo instrucións de fábrica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<b>Bloque 3. Software para sistemas informáticos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.1. Deseña bases de datos sinxelas e/ou extrae información, realizando consultas, formularios e informes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.2. Elabora informes de texto que integren texto e imaxes, aplicando as posibilidades das aplicacións e tendo en conta o destinatario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.3. Elabora presentacións que integren texto, imaxes e elementos multimedia, adecuando a mensaxe ao público obxectivo ao que se destina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.4. Resolve problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.5. Deseña elementos gráficos en 2D e 3D para comunicar ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.6. Realiza pequenas películas integrando son, vídeo e imaxes, utilizando programas de edición de ficheiros multimedia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>

<b>Bloque 4. Redes de computadores</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B4.1.1. Debuxa esquemas de configuración de pequenas redes locais, seleccionando as tecnoloxías en función do espazo físico dispoñible.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B4.2.1. Realiza unha análise comparativa entre os tipos de cables utilizados en redes de datos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B4.2.2. Realiza unha análise comparativa entre tecnoloxía con fíos e sen eles, e indica posibles vantaxes e inconvenientes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B4.2.3. Explica a funcionalidade dos elementos que permiten configurar redes de datos, indicando as súas vantaxes e os seus inconvenientes principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B4.3.1. Elabora un esquema de como se realiza a comunicación entre os niveis OSI de dous equipamentos remotos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<b>Bloque 5. Programación</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.1.1. Desenvolve algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos, elaborando os correspondentes diagramas de fluxo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.2.1. Escribe programas que inclúan bucles de programación para solucionar problemas que impliquen a división dun conxunto en partes máis pequenas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.3.1. Obtén o resultado de seguir un pequeno programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.4.1. Define o que se entende por sintaxe dunha linguaxe de programación e propón exemplos concretos dunha linguaxe determinada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.5.1. Realiza programas de aplicación sinxelos nunha linguaxe determinada que solucionen problemas da vida real.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas</li> </ul>

## 5.5 Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave

De seguido recóllense as aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave. Estes aprendizaxes serán a referencia para o caso de ensino non presencial.

Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. A sociedade da información e o computador</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Analizar e valorar as influencias das tecnoloxías da información e da comunicación na transformación da sociedade actual, tanto nos ámbitos da adquisición do coñecemento como nos da produción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B1.1.1. Describe as diferenzas entre o que se considera sociedade da información e sociedade do coñecemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CSC</li> <li style="width: 50%;">▪ CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B1.1.2. Explica cales son os novos sectores económicos que apareceron como consecuencia da xeneralización das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CSC</li> <li style="width: 50%;">▪ CSIEE</li> </ul>
<b>Bloque 2. Arquitectura de computadores</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificando os subsistemas que os compoñen os computadores e equipamentos informáticos relacionando cada elemento coas prestacións do conxunto, e describir as súas características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B2.1.1. Describe as características dos subsistemas que compoñen un computador, identificando os seus principais parámetros de funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CCL</li> <li style="width: 50%;">▪ CMCCT.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B2.2.1. Elabora un diagrama da estrutura dun sistema operativo relacionando cada parte coa súa función.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CMCCT.</li> <li style="width: 50%;">▪ CAA</li> </ul>
<b>Bloque 3. Software para sistemas informáticos</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, como instrumentos de resolución de problemas específicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.2. Elabora informes de texto que integren texto e imaxes, aplicando as posibilidades das aplicacións e tendo en conta o destinatario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CSIEE</li> <li style="width: 50%;">▪ CMCCT.</li> <li style="width: 50%;">▪ CSC</li> <li style="width: 50%;">▪ CCL</li> <li style="width: 50%;">▪ CCEC</li> <li style="width: 50%;">▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.3. Elabora presentacións que integren texto, imaxes e elementos multimedia, adecuando a mensaxe ao público obxectivo ao que se destina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CSIEE</li> <li style="width: 50%;">▪ CMCCT.</li> <li style="width: 50%;">▪ CSC</li> <li style="width: 50%;">▪ CCL</li> <li style="width: 50%;">▪ CCEC</li> <li style="width: 50%;">▪ CAA</li> </ul>

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.4. Resolve problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CSIEE</li> <li style="width: 50%;">▪ CMCCT.</li> <li style="width: 50%;">▪ CCEC</li> <li style="width: 50%;">▪ CAA</li> </ul>
<b>Bloque 4. Redes de computadores</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B 4.1. Analizar as principais topoloxías utilizadas no deseño de redes de computadores, relacionándoas coa área de aplicación e coas tecnoloxías empregadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B4.1.1. Debuxa esquemas de configuración de pequenas redes locais, seleccionando as tecnoloxías en función do espazo físico dispoñible.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CAA</li> <li style="width: 50%;">▪ CMCCT.</li> <li style="width: 50%;">▪ CSIEE</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B4.2.3. Explica a funcionalidade dos elementos que permiten configurar redes de datos, indicando as súas vantaxes e os seus inconvenientes principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">CCL</li> <li style="width: 50%;">▪ CMCCT.</li> </ul>
<b>Bloque 5. Programación</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Aplicar algoritmos á resolución dos problemas máis frecuentes que se presentan ao traballar con estruturas de datos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.1.1. Desenvolve algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos, elaborando os correspondentes diagramas de fluxo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CAA</li> <li style="width: 50%;">▪ CMCCT.</li> <li style="width: 50%;">▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Analizar a estrutura de programas informáticos, identificando e relacionando os elementos propios da linguaxe de programación utilizada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.3.1. Obtén o resultado de seguir un pequeno programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CAA</li> <li style="width: 50%;">▪ CMCCT.</li> <li style="width: 50%;">▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Realizar pequenos programas de aplicación nunha linguaxe de programación determinada e apicalos á solución de problemas reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.5.1. Realiza programas de aplicación sinxelos nunha linguaxe determinada que solucionen problemas da vida real.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ CD</li> <li style="width: 50%;">▪ CSIEE</li> <li style="width: 50%;">▪ CMCCT.</li> <li style="width: 50%;">▪ CSC</li> <li style="width: 50%;">▪ CAA</li> <li style="width: 50%;">▪ CCEC,</li> </ul>

## **6 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

As producións realizadas polo alumnado (informes escritos, traballos monográficos, traballos realizados con ferramentas informáticas, etc...) e as probas escritas serán puntuadas cunha nota numérica de 0 a 10.

A cualificación que acade un alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

<b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b>	<b>PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN</b>
Probas escritas A cualificación correspondente ás probas escritas se calcula como a media aritmética das puntuacións de cada proba.	50%
Arquivos de actividades feitas na avaliación. Se entregarán principalmente por medio da aula virtual.	20%
Producións: tarefas, traballos, proxectos, prácticas.	30%
Total	10

Dado o carácter da materia as probas escritas substituíranse nalgúns casos por probas prácticas realizadas con ferramentas informáticas. Os resultados destas probas serán documentos ou arquivos nos que se recolla o traballo realizado.

En canto ao redondeo de decimais no cálculo do total realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior.

No caso de que se detecte que un alumno está a copiar nunha proba ou traballo, esta proba ou traballo será puntuado con 0.

### **Caso de ensino semipresencial e non presencial**

No caso de ensino semipresencial as probas escritas do alumnado que non poda asistir á aula faranse na aula virtual.

No caso de ensino non presencial as probas escritas do alumnado faranse na aula virtual.

As probas feitas na aula virtual se elaborarán de xeito que o alumnado poida facelas cos medios que ten dispoñibles.

As producións realizadas polo alumnado serán entregadas por medio da aula virtual.



Ao final do curso:

PORCENTAXE NA NOTA FINAL	
1.ª avaliación	1/3
2.ª avaliación	1/3
3.ª avaliación	1/3
Total	10

En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media.

O exame extraordinario de setembro abarcará todos os contidos do curso. É necesario acadar unha nota de 5 puntos para acadar unha avaliación positiva.

## **6.1 – Criterios para superar a materia pendente pola avaliación continua**

### **Caso de ensino presencial**

Se proporá ós alumnos o repaso das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. De cada unidade didáctica os alumnos deberán realizar unha serie de actividades escritas ou actividades feitas con ferramentas informáticas, que serán entregadas periodicamente ó profesor. Estas actividades se puntuarán de 0 a 10.

Realizarase unha proba escrita que consistirá nun exame sobre a totalidade dos contidos das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. Esta proba puntuarase de 0 a 10

A cualificación na recuperación dunha avaliación basearase nun 50% na proba escrita realizada. O 50% restante corresponderá á media aritmética das actividades realizadas polo alumno.

En canto ao redondeo de decimais, no cálculo da nota final de recuperación, realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior.

O alumno terá que acadar como mínimo unha puntuación de 5 como cualificación da recuperación da avaliación para que se considere que acadou os obxectivos programados e poida aproba-la dita avaliación.

Algunhas das actividades e materiais curriculares que se utilizarán serán os seguintes:

- 1.- Libro de texto.
- 2.- Materiais curriculares fotocopiáveis.
- 3.- Actividades escritas, traballos monográficos.

### **Caso de ensino semipresencial e non presencial**

As actividades propostas serán entregadas por medio da aula virtual.

As probas escritas do alumnado que non poda asistir á aula faranse na aula virtual. As probas se elaborarán de xeito que o alumnado poida facelas cos medios que ten dispoñibles e poida entregalas por medio da aula virtual.

## **6.2-Superación da materia pendente de cursos anteriores**

Non hai ningún alumno coa materia pendente dos cursos anteriores

## **7 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente**

En cada a avaliación realizarase unha empregando a seguinte táboa:

<b>Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente</b>				
<b>Indicadores</b>	<b>Bo /Boa</b>	<b>Axeitado/a</b>	<b>Mellorable</b>	<b>Malo/a</b>
Adecuación de obxectivos e contidos ás características e necesidade do alumnado				
Adecuación dos criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado				
Grao de consecución das aprendizaxes acadadas polo alumnado				
Medidas ordinarias de atención á diversidade dentro da aula				
Programación didáctica e o seu desenvolvemento				
Organización da aula para desenvolver as programación				
Aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións				
Procedementos de avaliación do alumnado				
Coordinación do profesorado de cada curso				
Coordinación do profesorado de cada curso cos dos cursos anteriores				

## **8 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Se proporá ós alumnos o repaso das unidades didácticas do curso de acordo cun plan de traballo. De cada unidade didáctica deberá realizar unha serie de actividades escritas, que deberán ser entregadas periódicamente ó profesor.

Algunhas das actividades e materiais curriculares que se utilizarán serán os seguintes:

- 1.- Libro de texto.
- 2.- Materiais curriculares fotocopiáveis.
- 3.- Actividades escritas, traballos monográficos.

Tanto o libro de texto como a temporalización das unidades didácticas son os recollidos nos puntos 4 e 5 desta programación.

## **9 - Deseño da avaliación inicial**

A avaliación inicial ten por obxecto o coñecemento do marco xeneral no que vai ter lugar a acción docente. Isto significa ter en conta non só o punto de partida dos alumnado, senón o punto de partida da materia (en canto a posibilidades, potencialidades), do profesorado, do Departamento e do Centro. A avaliación inicial debe ter en conta, ademais dos aspectos relacionados co currículo, a atención individualizada, os sistemas de comunicación e os recursos tecnolóxicos e didácticos dispoñibles. O Obxectivo deste tipo de avaliación é conseguir saber o que temos para actuar en consecuencia.

¿Que avaliar? As respostas a esta pregunta poderían ser:

<b>Aspectos a avaliar</b>	
<b>Da materia</b>	<b>Da infraestrutura</b>
Coñecemento previo específico	Coñecemento específico
As características e circunstancias persoais	As características e circunstancias persoais
As aptitudes	As aptitudes
A actitude	A actitude

É probable que o alumno teña coñecementos previos específicos, obtidos en procesos educativos formais anteriores nesta materia e noutras; e tamén en procesos non formais e informais. Descubrir isto pode ser un excelente punto de partida para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Por outra banda as características e circunstancias persoais adoitan ter unha importancia decisiva no que se refire ás probabilidades de éxito-fracaso. Tamén é relevante o coñecemento das aptitudes (habilidades intelectuais, destrezas) e as actitudes cara o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe, o que proporciona información sobre as motivacións coas que os abordan.

Todas estas cuestións a avaliar respecto da materia de estudo deben ser estendidas ó manexo das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) que serán habitualmente utilizadas no traballo educativo. Pese a crecente simplicidade no manexo das TIC, moitas persoas atopan dificultades para manexarse adecuadamente con elas.

A avaliación inicial basearase en varias fontes de información:

- Proba escrita realizada coa finalidade de detectar coñecementos previos.
- Observacións
- Cuestións iniciais das primeiras unidades didácticas.

O resultado da avaliación inicial permítenos orientar o proceso de ensinanza aprendizaxe e guiarnos na toma de decisións sobre grupos de traballo, actividades, ...

De confirmarse dificultades graves no proceso de ensinanza-aprendizaxe dun alumno/a, porase en coñecemento do departamento de orientación para estudar as medidas a adoptar.

## **10 - Medidas de atención á diversidade**

No contexto dun ensino formal presencial, un dos obxectivos que deben exporse é a individualización do proceso de ensino e aprendizaxe, pois cada estudante é diferente ao resto tanto en actitudes como en aptitudes. Tendo en conta de que os ritmos de aprendizaxe difiren duns estudantes a outros, é labor do docente trazar as estratexias adecuadas para tratar que todos os alumnos e as alumnas dispoñan das mesmas oportunidades para alcanzar, por unha banda, os obxectivos marcados na etapa e, por outro, o grao de desenvolvemento persoal ao que pode optar cada cal.

Con todo, esta homoxeneización á que faciamos referencia non é perfecta e, posiblemente, tampouco sexa desexable. Como en todo grupo humano, fan a súa aparición as características propias de cada un, que fan patentes diferentes ritmos de aprendizaxe, diferentes habilidades e diferentes competencias, que enriquecen ao grupo, pero que demandan unha atención expresa por parte de quen ten a obrigaón de ensinar. Existen, pois, alumnos e alumnas metódicos, e outros irregulares na maneira de abordar o traballo; alumnos e alumnas autónomos, e outros dependentes á hora de enfrontarse á súa propia aprendizaxe; alumnos e alumnas concisos, e outros ampulosos ao expor os seus puntos de vista ou os contidos apresos; alumnos e alumnas reflexivos, ou pola contra, impulsivos, en relación á forma de desenvolver as diferentes tarefas encomendadas. A todos eles é preciso ofrecerlles un camiño que lles permita conseguir o máximo grao de progreso persoal posible.

Nesta materia, o tratamento da diversidade enfocouse a través de dous fíos condutores:

9. A programación de contidos, adaptada ao currículo oficial. A selección e estruturación da información mostrada ten o obxectivo de resultar familiar ao alumnado. A profundidade coa que se desenvolven os temas persegue combinar en difícil equilibrio o rigor que se lle debe a unha disciplina científica coa claridade expositiva e co carácter motivador do estilo empregado.

10. As diferentes actividades prácticas propostas para afianzar os contidos buscan xerar no alumnado unha disposición ao traballo, esforzo e compromiso persoais coa súa propia aprendizaxe, que favoreza a asimilación dos conceptos teóricos estudados. Estas actividades poderían ser clasificadas en dous grupos definidos:

- a) Actividades de detección de coñecementos previos. Resultan fundamentais para iniciar a argumentación da unidade correspondente sobre unha base real da situación dos estudantes. Poderían mencionarse neste aspecto:
- Aquelas que propician un debate entre os estudantes e que favorecen o coñecemento dos seus puntos de vista.
  - Aquelas que remiten a coñecementos que deberían estar adquiridos e que deben ser repasados.
- b) Actividades de consolidación, é dicir, as que traballadas a medida que van sendo expostos os diferentes contidos, serven para guiar o esforzo dos estudantes na asimilación dos mesmos. A deste tipo:
- Exercicios e actividades individuais relacionadas ca unidade.
  - Actividades que poden ser resoltas en grupo e que permiten a integración das diversas sensibilidades na confección dun único traballo, á vez que favorecen a aceptación das aptitudes e carencias dos diferentes membros do grupo.
  - Actividades de realización persoal, que poden ser escollidas en función da natureza de cada estudante co obxectivo de desprezar o maior número de habilidades que cada un teña.

## 11 - Elementos transversais

Os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

A seguinte táboa recolle os elementos transversais:

Desenvolvemento sostible e medio	1
Os riscos de explotación e abuso sexual	2
Abuso e maltrato das persoas con discapacidade	3
Situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC	4
Protección ante emerxencias e catástrofes	5
Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor	6
Adquisición das competencias para o desenvolvemento dos diversos modelos de empresa	7
Fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario	8
Ética empresarial	9
Educación e seguridade vial	10

Relación entre os elementos transversais e os estándares de aprendizaxe nos que se traballan.

MATERIA	CURSO	NIVEL	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
TIC	1º	Bacharelato	TIC1B1. 1.1 TIC1B1. 1.2 TIC1B2. 1.2 TIC1B2. 1.3 TIC1B2. 1.4	TIC1B1. 1.1 TIC1B2. 2.1 TIC1B2. 2.2	TIC1B1. 1.1 TIC1B2. 2.1 TIC1B3. 1.1 TIC1B3. 1.1 TIC1B5. 1.1 TIC1B5. 2.1 TIC1B5. 3.1	TIC1B1. 1.1 TIC1B2. 1.1 TIC1B3. 1.3 TIC1B3. 1.6	TIC1B1. 1.1 TIC1B4. 1.1 TIC1B4. 2.1 TIC1B4. 2.2 TIC1B4. 2.3 TIC1B4. 3.1	TIC1B1. 1.1 TIC1B1. 1.2 TIC1B2. 1.2 TIC1B2. 1.2 TIC1B2. 1.3 TIC1B2. 1.4 TIC1B2. 2.2 TIC1B3. 1.2 TIC1B3. 1.3 TIC1B3. 1.4 TIC1B3. 1.5 TIC1B5. 1.1 TIC1B5. 2.1 TIC1B5. 3.1 TIC1B5. 4.1 TIC1B5. 5.1	TIC1B1. 1.1 TIC1B1. 1.2 TIC1B2. 1.2 TIC1B2. 1.3 TIC1B2. 1.4 TIC1B2. 2.2 TIC1B5. 1.1 TIC1B5. 1.3 TIC1B5. 1.4 TIC1B5. 1.5 TIC1B5. 5.1	TIC1B1. 1.1 TIC1B1. 1.2 TIC1B2. 1.2 TIC1B2. 1.3 TIC1B2. 1.4 TIC1B2. 2.2 TIC1B3. 1.2 TIC1B3. 1.3 TIC1B3. 1.4 TIC1B3. 1.5 TIC1B5. 1.1	TIC1B1. 1.1 TIC1B1. 1.2 TIC1B2. 1.2 TIC1B2. 1.3 TIC1B2. 1.4 TIC1B2. 2.2 TIC1B5. 1.1 TIC1B5. 1.3 TIC1B5. 1.4 TIC1B5. 1.5 TIC1B5. 5.1	TIC1B1. 1.1 TIC1B1. 1.2 TIC1B2. 1.2 TIC1B2. 1.3 TIC1B2. 1.4 TIC1B2. 2.2 TIC1B5. 1.1 TIC1B5. 1.3 TIC1B5. 1.4 TIC1B5. 1.5 TIC1B5. 5.1

## **12 - Actividades complementarias e extraescolares**

As actividades complementarias e extraescolares dependerán da evolución da situación sanitaria derivada da COVID-19, no podendo precisarse no momento de elaborar a programación.

## **13 - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación**

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Empregarase unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			



## **14 - Accións de contribución ao proxecto lector**

Para o fomento da lectura e escritura e da comprensión lectora realizaranse actividades recollidas no Proxecto lector do IES de Mugarbos e adaptadas ós contidos das materias. As actividades poden variar en función do curso ou para unha mellor atención á diversidade. Entre outras realizaranse as seguintes actividades:

- Asunción da proposta de modelo para o alumnado de elaboración de traballos escritos recollidas no Proxecto lector.
- Lectura analítica e crítica dos textos propios de cada materia.
- Intervencións sobre o vocabulario vangardista para o alumnado ou específico da temática a tratar.
- Uso de lecturas complementarias extraídas de distintas fontes como prensa, revistas, páxinas web, etc. para reforzar coñecementos adquiridos.
- Lectura selectiva de textos propostos polo profesorado en soporte informático.
- Lectura e posta en común das respostas do alumnado ás cuestións propostas, co obxectivo de provocar reflexión sobre as solucións aportadas.

## **15 - Accións de contribución ao proxecto TIC**

As TIC forman unha parte esencial do currículo da materia e pode decirse que “son” a materia. A materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación é especialmente indicada para traballar os contidos e destrezas que contribúan a adquirir unha adecuada competencia no tratamento da información e competencia dixital.

Ademais dos contidos propios das TIC do currículo, estas empregaranse noutras partes da materia dos seguintes xeitos:

- adquisición de información ( internet, enciclopedias electrónicas, ...).
- tratamento da información: elaboración de memorias, realización de debuxos, esquemas, planos, etc.

Este curso dada a situación derivada da COVID-19 é previsible que poden darse situacións de ensino semipresencial ou non presencial, polo que se fará uso da Aula Virtual dende o principio do curso para asegurarse que o alumnado pode entrar na aula sen problemas e coñece o seu manexo.

## **16 - Accións de contribución ao plan de convivencia**

Ademais de colaborar no que a nivel de centro se solicite, as normas e fomento dos valores de convivencia forma parte da esencia mesma da nosa labor docente. O Traballo colaborativo por proxectos, as dinámicas de grupo, o método de resolución de problemas son principios metodolóxicos que nos son propios.; así como os contidos transversais que van parellos ó resto dos contidos das materias.

## **17 – Obxectivos para o presente curso**

Os obxectivos se especifican en relación ós bloques do currículo da materia

### **Bloque 1. A sociedade da información e o computado**

Recoñecer o papel das TIC no desenvolvemento da sociedade da información. Distinguir entre sociedade da información e sociedade do coñecemento.

Recoñecer as vantaxes e inconvenientes que presenta a pertenza a unha sociedade dixital.

Analizar os aspectos concretos que converten ao mundo nunha contorna dixital conectado en rede.

Coñecer os elementos que permiten a creación de coñecemento colectivo.

Enumerar e describir algúns dos avances actuais que están propiciados pola evolución das TIC.

## **Bloque 2. Arquitectura de computadores**

### Hardware

Coñecer as unidades empregadas na medida da cantidade de información.

Saber a estrutura básica da arquitectura de calquera equipo informático, distinguindo entre CPU, memoria, periféricos e dispositivos de almacenamento.

Describir con certo grao de precisión a estrutura básica da placa base dun computador, distinguindo os diferentes compoñentes que a integran.

Enumerar as características básicas dos diferentes tipos de memoria que utilizan os computadores, así como as funcións que desempeñan.

Identificar os diferentes conectores e portos de comunicación que permiten a conexión dos distintos periféricos á CPU do computador.

Describir os distintos periféricos de entrada e de saída que poden conectarse a equipos informáticos, así como as funcións que desempeñan.

Clasificar os dispositivos de almacenamento en función dos principios físicos que gobernan o seu funcionamento e da súa capacidade.

### Sistemas operativos

Coñecer as funcións básicas dun sistema operativo, así como as características xerais, compoñentes e elementos distintivos dos máis comúns.

Establecer unha clasificación das familias de sistemas operativos de uso común entre os usuarios informáticos medios e coñecer as diversas opcións que ofrecen á hora de escoller un para funcionar sobre un equipo concreto.

Manexar os procedementos de adquisición, instalación e xestión de aplicacións nos diversos sistemas operativos tratados na unidade.

Saber o procedemento para instalar varios sistemas operativos nun computador, seguir a secuencia de operacións a realizar, dominar os conceptos involucrados e identificar os puntos clave no proceso.

Instalar con competencia un sistema operativo nun equipo informático.

Manexar con soltura a contorna gráficas dun sistema operativo.

Usar as diversas ferramentas de xestión de arquivos proporcionadas polos sistemas operativos para efectuar as operacións básicas de xestión de ficheiros.

Efectuar operacións de instalación e desinstalación do software así como tarefas de mantemento e protección do sistema operativo sistematicamente e con competencia.

## **Bloque 3. Software para sistemas informáticos**

### Procesador de texto

Profundar na aprendizaxe do procesador de texto, como ferramenta habitual para a creación, modificación e reprodución de documentos.

Utilizar algunha das posibilidades avanzadas que ofrecen os procesadores de texto: estilos, índices de contidos, encabezados e pés de páxina, táboas, etc.

Elaborar documentos que conteñan elementos que enriquezan o texto: imaxes, gráficos, textos artísticos, etc.

Utilizar as táboas para distribuír o texto e os demais elementos gráficos nun documento.

Empregar o editor de ecuacións para elaborar documentos de carácter científico que conteñan expresións matemáticas.

#### Folla de cálculo

Coñecer a utilidade dunha folla de cálculo para a resolución de problemas cotiáns sinxelos.

Dominar os procedementos de introdución de datos nunha folla de cálculo, tanto manualmente como empregando as diferentes opcións automáticas.

Empregar as fórmulas para completar de forma rápida e rigorosa as táboas que precisen dalgunha operación matemática sinxela.

Resolver problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos.

Modificar o aspecto dunha folla de cálculo para facela visualmente atractiva e coherente no relacionado co contido.

#### Presentacións

Estar familiarizado coa contorna de traballo que ofrecen os diversos programas de creación de presentacións dixitais, así como coas operacións básicas sobre arquivos e modos de visualización.

Crear as propias presentacións, empregando os recursos necesarios para incorporar nelas elementos estáticos como títulos, textos, imaxes, táboas, vídeos ou sons, modificando as propiedades que sexan necesarias para que o resultado acomódese aos requisitos establecidos previamente.

Incorporar nas presentacións elementos dinámicos como hiperenligazóns, botóns e animacións nos obxectos que as compoñen, valorando con espírito crítico a conveniencia ou non de facer uso delas con moderación.

4. Preparar unha presentación para ser utilizada, seleccionando as diapositivas que se mostrarán e deseñando a transición entre as mesmas.

#### Base de datos

Coñecer a organización interna da información contida nunha base de datos relacional, así como as diferentes formas de acceder a ela.

Coñecer a estrutura de táboas na que se configura unha base de datos relacional, ser capaz de crealas, modificalas, dalas formato e ordenalas, así como preparalas para ser impresas ou para localizar facilmente certa información nelas.

Extraer información dunha base de datos a través de consultas, coñecendo os procedementos involucrados de creación e activación de consultas.

Empregar os informes para imprimir datos das táboas ou das consultas realizada

#### Tratamento dixital de imaxes

Coñecer as características que presentan os diferentes tipos de imaxes dixitais, distinguindo entre as que son vectoriais e as que son mapas de bits.

Relacionar os conceptos de número de puntos, profundidade de cor e compresión da información nunha imaxe dixital co tamaño da imaxe e do arquivo que o contén.  
Coñecer as características distintivas dos diferentes formatos de arquivos gráficos que existen.

Obter imaxes en formato dixital a partir de diferentes fontes, utilizando o escaneo de documentos, capturas de pantalla, creación de imaxes, cámaras fotográficas, etc. transferíndoas posteriormente ao equipo informático co que se tratarán.

Modificar os parámetros básicos dunha imaxe nun programa de edición: tamaño da imaxe, tamaño do lenzo, axuste da resolución e conversión de formato.

Familiarizarse cos procedementos convencionais para modificar a luminosidade e a cor, o brillo e o contraste, o ton e a saturación ou equilibrar cores no programa de edición dixital de imaxes

Interiorizar o uso de seleccións, de capas e de máscaras, da súa edición e modificación, da aplicación de filtros e efectos sobre elas, para realizar composicións fotográficas sinxelas.

Agregar textos ás composicións fotográficas, sendo conscientes das posibilidades en cada tipo de software empregado e establecendo diferéncias pertinentes cos programas de edición de textos.

Deseño de gráficos sinxelos en 3D empregando aplicacións de deseño vectorial e CAD paramétrico

#### Edición de audio e vídeo

Coñecer as particularidades de cada tipo de contidos multimedia, valorando a súa achega específica á construción da información final.

Coñecer e definir os parámetros adecuados para a obtención dunha gravación de audio que se axuste aos requirimentos de calidade e o formato desexados.

Tratar dixitalmente un arquivo de audio empregando as ferramentas dunha aplicación de edición de son, exportándoo ao formato desexado e aplicando os efectos que sexan precisos.

Coñecer e utilizar correctamente os termos técnicos que configuran os parámetros básicos dos vídeos en formato dixital, así como os formatos de vídeo máis comúns e as súas particularidades.

Empregar unha aplicación de edición de vídeo, realizando autónomamente o proceso que transcorre entre a gravación e a publicación do material editado.

#### **Bloque 4. Redes de computadores**

Recoñecer ao emisor, receptor, código, mensaxe e canle en todo proceso de comunicación e, en particular, no que ten lugar entre computadores conectados en rede.

Distinguir entre os modelos de referencia OSI e a familia TCP/IP, sinalando as características dos diferentes protocolos que integran a esta última.

Coñecer os conceptos básicos de identificación dun equipo nunha rede, dunha subrede, e da porta de enlace, así como os relacionados cos procedementos de conversión de direccións IP en nomes de dominio.

Establecer unha clasificación das redes en termos da área de cobertura, da súa topoloxía, do seu nivel de acceso, da súa relación funcional ou da súa tecnoloxía física de conexión, describindo as súas características básicas.

Enumerar e caracterizar os diferentes tipos de acceso a Internet que están dispoñibles na actualidade.

Coñecer os procedementos para configurar unha rede desde a instalación do adaptador de rede até a configuración dos equipos necesarios.

Manifestar destreza nos procesos para compartir recursos en red.

### **Bloque 5. Programación**

Comprender o termo «algoritmo» e deseñalo para a resolución de problemas concretos relacionados con situacións reais da vida cotiá.

Realizar unha clasificación das linguaxes de programación en termos do seu nivel de abstracción, o seu propósito, a súa forma de executarse, a súa forma de abordar a tarefa a executar, a súa interactividade, etc.

Coñecer e aplicar as fases de realización dun programa e utilizar os diagramas de fluxo para representar o algoritmo de resolución do problema exposto.

Coñecer os conceptos básicos de operación con variables e constantes: declaración, asignación de valores, impresión do seu contido e utilización con controis.

Manexar con soltura os operadores aritméticos na realización de operacións con variables ou constantes.

Comprender o mecanismo de creación de contadores e utilízalos cando sexa preciso.

Coñecer o fundamento, disposición e función das estruturas selectivas.

Empregar con soltura os operadores relacionais e lóxicos na creación de condicións que serán empregadas nas estruturas selectivas.

Utilizar con competencia as estruturas iterativas, con todas as súas variedades, estando ao tanto dos elementos que as compoñen, a súa organización e a finalidade que se persegue.

Escribir o código respectando as normas básicas de presentación e de anidamento de estruturas.

Realizar programas de aplicación sinxelos nunha linguaxe determinada que solucionen problemas da vida real.

## **18 – Propostas de mellora do curso anterior incorporadas á programación**

Potenciar o traballo por tarefas e proxectos.

Potenciar o uso da aula virtual no traballo diario do alumnado.

## PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I (1º BACHARELATO)

### **Índice**

- 1 - Introducción e contextualización
- 2 – Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave
- 3 - Metodoloxía
- 4 - Materiais e recursos didácticos
- 5 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación
  - 5.1 Unidades didácticas
    - 5.1.1 Tarefas e proxectos
  - 5.2 Procedementos e instrumentos de avaliación
  - 5.3 Cadro da programación da materia
  - 5.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia
  - 5.5 Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave
- 6 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
  - 6.1 – Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua
  - 6.2-Superación da materia pendente de cursos anteriores
- 7 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
- 8 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- 9 - Deseño da avaliación inicial
- 10 - Medidas de atención á diversidade
- 11 - Elementos transversais  
Os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e
- 12 - Actividades complementarias e extraescolares
- 13 - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación
- 14 - Accións de contribución ao proxecto lector
- 15 - Accións de contribución ao proxecto TIC
- 16 - Accións de contribución ao plan de convivencia
- 17 – Obxectivos para o presente curso
- 18 – Propostas de mellora do curso anterior incorporadas á programación

## **1 - Introducción e contextualización**

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

O I.E.S. de Mugardos está situado no concello de Mugardos. No caso do bacharelato, recibe estudantes non so de Mugardos senón tamén do concello de Ares. Unha parte do alumnado procede de núcleos de poboación ( a Vila de Ares, a Vila de Mugardos, Franza e o Seixo). Outra parte procede da zona rural.

En canto as infraestruturas en materia de TIC, a situación é moi variada. Hai zonas con posibilidades de contratar acceso a internet de alta velocidade e outras nas que a velocidade é moi reducida. Isto pode condicionar a capacidade dalgúns alumnos para o acceso desde os seus fogares a recursos pedagóxicos dispoñibles en internet.

A actual realidade económica na comarca fai moi recomendable o emprego de software libre ou gratuito como medida para fomentar a igualdade e tratar de superar as diferencias socioeconómicas.

O espazo no que se impartirá a materia é a Aula de Tecnoloxía:

- A aula de Tecnoloxía está dotada de Canón proxector, encerado dixital e un ordenador. Dispón de un equipo para prácticas de pneumática e material para prácticas de electricidade e electrónica básicas, robótica e automatización.

Este curso dada a situación derivada da COVID-19 é previsible que non poida empregarse a Aula de Informática, dada a falla de espazo para manter o espazamento necesario entre o alumnado e a necesidade de reducir os movementos de alumnado no centro.

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Recursos enerxéticos. Producción e distribución da enerxía eléctrica.</li> <li>▪ B4.2. Impacto ambiental e sustentabilidade. Impacto ambiental da produción enerxética en Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Analizar a importancia que os recursos enerxéticos teñen na sociedade actual, e describir as formas de produción de cada unha, así como as súas debilidades e fortalezas no desenvolvemento dunha sociedade sustentable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B4.1.1. Describe as formas de producir enerxía, en relación co custo de produción, o impacto ambiental e a sustentabilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PROB</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PROB_E</li> <li>▪ PROB_O</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.1</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B4.1.2. Debuxa diagramas de bloques de diferentes tipos de centrais de produción de enerxía, e explica cada bloque constitutivos e as súas interrelacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PROD</li> <li>▪ PROB</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ R-PROD</li> <li>▪ PROB_P</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.2</li> <li>▪ 1.3</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Consumo enerxético en vivendas e locais. Cálculos e estimación de consumo. Técnicas e criterios de aforro enerxético.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Realizar propostas de redución de consumo enerxético para vivendas ou locais coa axuda de programas informáticos e a información de consumo dos mesmos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B4.2.1. Explica as vantaxes que supón, desde o punto de vista do consumo, que un edificio estea certificado enerxeticamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PROB</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PROB_E</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.4</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B4.2.2. Calcula custos de consumo enerxético de edificios de vivendas ou industriais, partindo das necesidades e/ou dos consumos dos recursos utilizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PROD</li> <li>▪ PROB</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ R-PROD</li> <li>▪ PROB_E</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.4</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B4.2.3. Elabora plans de redución de custos de consumo enerxético para locais ou vivendas, identificando os puntos onde o consumo poida ser reducido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PRACT</li> <li>▪ PROD</li> <li>▪ OBS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ R_PRACT</li> <li>▪ R_PROD</li> <li>▪ R_OBS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.4</li> </ul>

## **5.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia**

Na seguinte táboa recóllense os estándares de aprendizaxe e o seu grado mínimo de consecución.

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Grao de consecución mínimo</b>
<b>Bloque 1. Produtos tecnolóxicos: deseño, produción e comercialización</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B1.1.1. Deseña unha proposta dun novo produto tomando como base unha idea dada, explicando o obxectivo de cada etapa significativa necesaria para lanzar o produto ao mercado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente o deseño na maioría dos requisitos, aínda que con fallos nalgunhas partes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B1.2.1. Elabora o esquema dun posible modelo de excelencia, razoando a importancia de cada axente implicado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a actividade con fallos nalgunhas partes.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B1.2.2. Desenvolve o esquema dun sistema de xestión da calidade, razoando a importancia de cada axente implicado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente o esquema na maioría dos requisitos, aínda que con fallos nalgunhas partes.</li> </ul>
<b>Bloque 2. Máquinas e sistemas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B2.1.1. Describe a función dos bloques que constitúen unha máquina dada, explicando de forma clara e co vocabulario axeitado a súa contribución ao conxunto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B2.1.2. Debuxa diagramas de bloques de máquinas-ferramenta explicando a contribución de cada bloque ao conxunto da máquina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B2.2.1. Deseña, utilizando un programa de CAD, o esquema dun circuito eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico que dea resposta a unha necesidade determinada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente o deseño na maioría dos requisitos aínda que con fallos nalgunhas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B2.2.2. Calcula os parámetros básicos de funcionamento dun sistema mecánico e dun circuito eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico, a partir dun esquema dado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende o problema de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B2.3.1. Verifica a evolución dos sinais en circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos, debuxando as súas formas e os valores nos puntos característicos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B2.3.2. Interpreta e valora os resultados obtidos de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B2.4.1. Deseña, constrúe e programa un sistema automático ou robot cos actuadores e os sensores axeitados, para que o seu funcionamento solucione un problema determinado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente o deseño e a construción na maioría dos requisitos, aínda que con fallos nalgunhas partes.</li> </ul>
<b>Bloque 3. Materiais e procedementos de fabricación</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B3.1.1. Establece a relación entre a estrutura interna dos materiais e as súas propiedades. TI1B3.1.1. Establece a relación entre a estrutura interna dos materiais e as súas propiedades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B3.1.2. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B3.2.1. Describe, apoiándose na información obtida en internet, materiais imprescindibles para a obtención de produtos tecnolóxicos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI1B3.3.1. Explica as principais técnicas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B3.3.2. Identifica as máquinas e as ferramentas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B3.3.3. Describe as principais condicións de seguridade que se deben aplicar nun determinado ámbito de produción, desde o punto de vista tanto do espazo como da seguridade persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B3.4.1. Coñece o impacto ambiental que poden producir as técnicas utilizadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<b>Bloque 4. Recursos enerxéticos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B4.1.1. Describe as formas de producir enerxía, en relación co custo de produción, o impacto ambiental e a sustentabilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B4.1.2. Debuxa diagramas de bloques de diferentes tipos de centrais de produción de enerxía, e explica cada bloque constitutivos e as súas interrelacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B4.2.1. Explica as vantaxes que supón, desde o punto de vista do consumo, que un edificio estea certificado enerxeticamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica de forma algo incompleta pero válida.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B4.2.2. Calcula custos de consumo enerxético de edificios de vivendas ou industriais, partindo das necesidades e/ou dos consumos dos recursos utilizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende o problema de forma algo incompleta pero válida e a maioría de estratexias empregadas son válidas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T11B4.2.3. Elabora plans de redución de custos de consumo enerxético para locais ou vivendas, identificando os puntos onde o consumo poida ser reducido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</li> </ul>

## **6 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

As producións realizadas polo alumnado (informes escritos, traballos monográficos, traballos realizados con ferramentas informáticas, etc...) e as probas escritas serán puntuadas cunha nota numérica de 0 a 10.

A cualificación que acade un alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

<b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b>	<b>PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN</b>
Probas escritas A cualificación correspondente ás probas escritas se calcula como a media aritmética das puntuacións de cada proba.	50%
Arquivos de actividades feitas na avaliación. Se entregarán principalmente por medio da aula virtual.	20%
Producións: tarefas, traballos, proxectos, prácticas.	30%
Total	10

En canto ao redondeo de decimais no cálculo do total realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior.

No caso de que se detecte que un alumno está a copiar nunha proba ou traballo, esta proba ou traballo será puntuado con 0.

### **Caso de ensino semipresencial e non presencial**

No caso de ensino semipresencial as probas escritas do alumnado que non poda asistir á aula faranse na aula virtual.

No caso de ensino non presencial as probas escritas do alumnado faranse na aula virtual.

As probas feitas na aula virtual se elaborarán de xeito que o alumnado poida facelas cos medios que ten dispoñibles.

As producións realizadas polo alumnado serán entregadas por medio da aula virtual.

Ao final do curso:

	<b>PORCENTAXE NA NOTA FINAL</b>
1.ª avaliación	1/3
2.ª avaliación	1/3
3.ª avaliación	1/3
Total	10



En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media.

O exame extraordinario de setembro abarcará todos os contidos do curso. É necesario acadar unha nota de 5 puntos para acadar unha avaliación positiva.

## **6.1 – Criterios para superar a materia pendente pola avaliación continua**

### **Caso de ensino presencial**

Se proporá ós alumnos o repaso das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. De cada unidade didáctica os alumnos deberán realizar unha serie de actividades escritas ou actividades feitas con ferramentas informáticas, que serán entregadas periodicamente ó profesor. Estas actividades se puntuarán de 0 a 10.

Realizarase unha proba escrita que consistirá nun exame sobre a totalidade dos contidos das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. Esta proba puntuarase de 0 a 10

A cualificación na recuperación dunha avaliación basearase nun 50% na proba escrita realizada. O 50% restante corresponderá á media aritmética das actividades realizadas polo alumno.

En canto ao redondeo de decimais, no cálculo da nota final de recuperación, realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior.

O alumno terá que acadar como mínimo unha puntuación de 5 como cualificación da recuperación da avaliación para que se considere que acadou os obxectivos programados e poida aproba-la dita avaliación.

Algunhas das actividades e materiais curriculares que se utilizarán serán os seguintes:

- 1.- Libro de texto.
- 2.- Materiais curriculares fotocopiabes.
- 3.- Actividades escritas, traballos monográficos.

### **Caso de ensino semipresencial e non presencial**

As actividades propostas serán entregadas por medio da aula virtual.

As probas escritas do alumnado que non poda asistir á aula faranse na aula virtual. As probas se elaborarán de xeito que o alumnado poida facelas cos medios que ten dispoñibles e poida entregalas por medio da aula virtual.

## **6.2-Superación da materia pendente de cursos anteriores**

Non hai ningún alumno coa materia pendente dos cursos anteriores

## **7 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente**

Ó remate de cada trimestre se realizará unha avaliación do ensino e a práctica docente empregando a seguinte táboa:

<b>Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente</b>				
<b>Indicadores</b>	<b>Bo /Boa</b>	<b>Axeitado/a</b>	<b>Mellorable</b>	<b>Malo/a</b>
Adecuación de obxectivos e contidos ás características e necesidade do alumnado				
Adecuación dos criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado				
Grao de consecución das aprendizaxes acadadas polo alumnado				
Medidas ordinarias de atención á diversidade dentro da aula				
Programación didáctica e o seu desenvolvemento				
Organización da aula para desenvolver as programacións				
Aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións				
Procedementos de avaliación do alumnado				
Coordinación do profesorado de cada curso				
Coordinación do profesorado de cada curso cos dos cursos anteriores				

## **8 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Se propondrá ós alumnos o repaso das unidades didácticas do curso de acordo cun plan de traballo. De cada unidade didáctica deberá realizar unha serie de actividades escritas, que deberán ser entregadas periódicamente ó profesor.

Algunhas das actividades e materiais curriculares que se utilizarán serán os seguintes:

- 1.- Libro de texto.
- 2.- Materiais curriculares fotocopiados.
- 3.- Actividades escritas, traballos monográficos.

Tanto o libro de texto como a temporalización das unidades didácticas son os recollidos nos puntos 4 e 5 desta programación.

## **9 - Deseño da avaliación inicial**

A avaliación inicial ten por obxecto o coñecemento do marco xeneral no que vai ter lugar a acción docente. Isto significa ter en conta non só o punto de partida dos alumnos, senón o punto de partida da materia (en canto a posibilidades, potencialidades), do profesorado, do Departamento e do Centro. A avaliación inicial debe ter en conta, ademais dos aspectos relacionados co currículo, a atención individualizada, os sistemas de comunicación e os recursos tecnolóxicos e didácticos dispoñibles. O Obxectivo deste tipo de avaliación é conseguir saber o que temos para actuar en consecuencia.

¿Que avaliar? As respostas a esta pregunta poderían ser:

<b>Aspectos a avaliar</b>	
<b>Da materia</b>	<b>Da infraestrutura</b>
Coñecemento previo específico	Coñecemento específico
As características e circunstancias persoais	As características e circunstancias persoais
As aptitudes	As aptitudes
A actitude	A actitude

É probable que o alumno teña coñecementos previos específicos, obtidos en procesos educativos formais anteriores nesta materia e noutras; e tamén en procesos non formais e informais. Descubrir isto pode ser un excelente punto de partida para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Por outra banda as características e circunstancias persoais adoitan ter unha importancia decisiva no que se refire ás probabilidades de éxito-fracaso. Tamén é relevante o coñecemento das aptitudes (habilidades intelectuais, destrezas) e as actitudes cara o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe, o que proporciona información sobre as motivacións coas que os abordan.

Todas estas cuestións a avaliar respecto da materia de estudo deben ser estendidas ó manexo das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) que serán habitualmente utilizadas no traballo educativo. Pese a crecente simplicidade no manexo das TIC, moitas persoas atopan dificultades para manexarse adecuadamente con elas.

A avaliación inicial basearase en varias fontes de información:

- Proba escrita realizada coa finalidade de detectar coñecementos previos.
- Observacións
- Cuestións iniciais das primeiras unidades didácticas.

O resultado da avaliación inicial permítenos orientar o proceso de ensinanza aprendizaxe e guiarnos na toma de decisións sobre grupos de traballo, actividades, ...

De confirmarse dificultades graves no proceso de ensinanza-aprendizaxe dun alumno/a, porase en coñecemento do departamento de orientación para estudar as medidas a adoptar.

## **10 - Medidas de atención á diversidade**

No contexto dun ensino formal presencial, un dos obxectivos que deben exporse é a individualización do proceso de ensino e aprendizaxe, pois cada estudante é diferente ao resto tanto en actitudes como en aptitudes. Tendo en conta de que os ritmos de aprendizaxe difiren duns estudantes a outros, é labor do docente trazar as estratexias adecuadas para tratar que todos os alumnos e as alumnas dispoñan das mesmas oportunidades para alcanzar, por unha banda, os obxectivos marcados na etapa e, por outro, o grao de desenvolvemento persoal ao que pode optar cada cal.

É certo que o Bacharelato, pola súa propia concepción propedéutica, xa incorpora un criterio de homoxeneización do alumnado, que se atopa reforzado polo feito de que os estudantes deben escoller entre diferentes vías de estudos. Esta situación non é nova: en 4.º curso de ESO, os alumnos e as alumnas tiveron que escoller entre os posibles itinerarios que a normativa vixente ofrecíalles. Con todo, esta homoxeneización á que faciamos referencia non é perfecta e, posiblemente, tampouco sexa desexable. Como en todo grupo humano, fan a súa aparición as características propias de cada un, que fan patentes diferentes ritmos de aprendizaxe, diferentes habilidades e diferentes competencias, que enriquecen ao grupo, pero que demandan unha atención expresa por parte de quen ten a obriga de ensinar. Existen, pois, alumnos e alumnas metódicos, e outros irregulares na maneira de abordar o traballo; alumnos e alumnas autónomos, e outros dependentes á hora de enfrontarse á súa propia aprendizaxe; alumnos e alumnas concisos, e outros ampulosos ao expor os seus puntos de vista ou os contidos apresos; alumnos e alumnas reflexivos, ou pola contra, impulsivos, en relación á forma de desenvolver as diferentes tarefas encomendadas. A todos eles é preciso ofrecerlles un camiño que lles permita conseguir o máximo grao de progreso persoal posible.

Nesta materia, o tratamento da diversidade enfocouse a través de dous fíos condutores:

11. A programación de contidos, adaptada ao currículo oficial. A selección e estruturación da información mostrada ten o obxectivo de resultar familiar ao alumnado. A profundidade coa que se desenvolven os temas persegue combinar

en difícil equilibrio o rigor que se lle debe a unha disciplina científica coa claridade expositiva e co carácter motivador do estilo empregado.

12. As diferentes actividades prácticas propostas para afianzar os contidos buscan xerar no alumnado unha disposición ao traballo, esforzo e compromiso persoais coa súa propia aprendizaxe, que favoreza a asimilación dos conceptos teóricos estudados. Estas actividades poderían ser clasificadas en dous grupos definidos:

a) Actividades de detección de coñecementos previos. Resultan fundamentais para iniciar a argumentación da unidade correspondente sobre unha base real da situación dos estudantes. Poderían mencionarse neste aspecto:

- Aquelas que propician un debate entre os estudantes e que favorecen o coñecemento dos seus puntos de vista.
- Aquelas que remiten a coñecementos que deberían estar adquiridos e que deben ser repasados.

b) Actividades de consolidación, é dicir, as que traballadas a medida que van sendo expostos os diferentes contidos, serven para guiar o esforzo dos estudantes na asimilación dos mesmos. A deste tipo:

- Exercicios e actividades individuais relacionadas ca unidade.
- Actividades que poden ser resoltas en grupo e que permiten a integración das diversas sensibilidades na confección dun único traballo, á vez que favorecen a aceptación das aptitudes e carencias dos diferentes membros do grupo.
- Actividades de realización persoal, que poden ser escollidas en función da natureza de cada estudante co obxectivo de despreparar o maior número de habilidades que cada un teña.

## 11 - Elementos transversais

Os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendimento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

A seguinte táboa recolle os elementos transversais:

Desenvolvemento sostible e medio	1
Os riscos de explotación e abuso sexual	2
Abuso e maltrato das persoas con discapacidade	3
Situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC	4
Protección ante emerxencias e catástrofes	5
Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor	6
Adquisición das competencias para o desenvolvemento dos diversos modelos de empresa	7
Fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario	8
Ética empresarial	9
Educación e seguridade vial	10

Relación entre os elementos transversais e os estándares de aprendizaxe nos que se traballan.

MATERIA	CURSO	NIVEL	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10		
Tecnoloxía Industrial I	1º	Bacharelato	TI1B1.2	TI1B1.1	TI1B1.2	TI1B2.2	TI1B2.2	TI1B1.1	TI1B1.1	TI1B1.1	TI1B1.1	TI1B2.2		
			.1	.1	.1	.1	2	.1	.1	.1	.1	.1	.2	
			TI1B2.2	TI1B2.1	TI1B2.1	TI1B2.2	TI1B3.1	TI1B1.2	TI1B1.2	TI1B1.2	TI1B1.2	TI1B1.2	TI1B1.2	TI1B2.4
			.2	.2	.2	.2	.1	.1	.1	.1	.1	.1	.1	.1
			TI1B2.3	TI1B3.1		TI1B2.4	TI1B3.1	TI1B2.3	TI1B3.1	TI1B2.1	TI1B2.1	TI1B2.1	TI1B3.1	
			.2	.1		.1	2	.1	.1	.1	.1	.1	.1	.1
			TI1B3.1			TI1B3.1	TI1B3.3	TI1B2.4	TI1B3.3	TI1B2.4	TI1B3.2	TI1B3.2		
			.1			.1	.3	.1	.1	.1	.1	.1		
			TI1B3.1			TI1B3.2	TI1B4.1	TI1B3.1	TI1B3.3	TI1B3.2	TI1B3.3	TI1B3.3	TI1B3.3	
			.1			.1	.1	.1	.2	.1	.1	.1	.1	
			TI1B3.1					TI1B3.2	TI1B4.1	TI1B3.3	TI1B3.3	TI1B3.3	TI1B3.3	
			.2					.1	.1	.1	.1	.2		
			TI1B3.3					TI1B3.3	TI1B4.1	TI1B3.3	TI1B4.1	TI1B4.1	TI1B4.1	
			.1					.1	.2	.2	.1	.1	.1	
			TI1B3.3					TI1B3.3	TI1B4.2	TI1B4.1	TI1B4.1	TI1B4.1	TI1B4.1	
			.2					.2	.3	.1	.2	.2	.2	
			TI1B3.3					TI1B4.1		TI1B4.1	TI1B4.2	TI1B4.2	TI1B4.2	
			.3					.1		.2	.3	.3	.3	
			TI1B4.1					.1		TI1B4.1				
			.1					.2		.2				
TI1B4.1					.2		TI1B4.2							
.2					TI1B4.2		.2							
TI1B4.2					.1		TI1B4.2							
.1					.3		.3							
TI1B4.2					.3									
.3														

## **12 - Actividades complementarias e extraescolares**

As actividades complementarias e extraescolares dependerán da evolución da situación sanitaria derivada da COVID-19, no podendo precisarse no momento de elaborar a programación.

## **13 - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación**

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Empregarase unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

<b>ASPECTOS A AVALIAR</b>	<b>A DESTACAR...</b>	<b>A MELLORAR...</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL</b>
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

### **14 - Accións de contribución ao proxecto lector**

Para o fomento da lectura e escritura e da comprensión lectora realizaranse actividades recollidas no Proxecto lector do IES de Mugardos e adaptadas ós contidos das materias. As actividades poden variar en función do curso ou para unha mellor atención á diversidade. Entre outras realizaranse as seguintes actividades:

- Asunción da proposta de modelo para o alumnado de elaboración de traballos escritos recollidas no Proxecto lector.
- Lectura analítica e crítica dos textos propios de cada materia.
- Intervencións sobre o vocabulario vangardista para o alumnado ou específico da temática a tratar.
- Uso de lecturas complementarias extraídas de distintas fontes como prensa, revistas, páxinas web, etc. para reforzar coñecementos adquiridos.
- Lectura selectiva de textos propostos polo profesorado en soporte informático.
- Lectura e posta en común das respostas do alumnado ás cuestións propostas, co obxectivo de provocar reflexión sobre as solucións aportadas.

### **15 - Accións de contribución ao proxecto TIC**

As TIC forman unha parte esencial do currículo da materia estando integradas nela. A área de Tecnoloxía é especialmente indicada para traballar os contidos e destrezas que contribúan a adquirir unha adecuada competencia no tratamento da información e competencia dixital.

Ademais dos contidos propios das TIC do currículo, estas empregaranse noutras partes da materia dos seguintes xeitos:

- adquisición de información ( internet, enciclopedias electrónicas, ...).
- tratamento da información: elaboración de memorias, realización de debuxos, esquemas, planos, etc.
- uso de programas de simulación.

Este curso dada a situación derivada da COVID-19 é previsible que non poida empregarse a Aula de Informática, dada a falta de espazo para manter o espazamento necesario entre o alumnado. Tentarase traballar as destrezas relacionada coas TIC mediante o uso de actividades na aula virtual e que o alumnado traballará no seu domicilio.

### **16 - Accións de contribución ao plan de convivencia**

Ademais de colaborar no que a nivel de centro se solicite, as normas e fomento dos valores de convivencia forma parte da esencia mesma da nosa labor docente. O Traballo colaborativo por proxectos, as dinámicas de grupo, o método de resolución de problemas son principios metodolóxicos que nos son propios.; así como os contidos transversais que van parellos ó resto dos contidos das materias.

### **17 – Obxectivos para o presente curso**

Os obxectivos se especifican en relación ós bloques do currículo da materia

#### **Bloque 1. Produtos tecnolóxico: deseño, produción e comercialización.**

- Coñecer o proceso cíclico de deseño, produción, comercialización e mellora de produtos.



- Analizar en produtos tecnolóxicos actuais o seu impacto social.
- Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar acerca da súa influencia na sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.
- Deseñar unha proposta dun novo produto tomando como base unha idea dada, explicando o obxectivo de cada etapa significativa necesaria para lanzar o produto ao mercado.
- Xustificar a importancia e a utilidade da normalización e clasificar as normas vixentes.
- Explicar en que consiste o control de calidade dun produto e enumerar as súas vantaxes e os seus inconvenientes.
- Explicar as diferenzas e as similitudes entre un modelo de excelencia e un sistema de xestión da calidade, identificando os principais actores que interveñen e valorando criticamente a repercusión que a súa implantación pode ter sobre os produtos desenvolvidos, e expolo oralmente co apoio dunha presentación.
- Elaborar o esquema dun posible modelo de excelencia, razoando a importancia de cada axente implicado.
- Desenvolver o esquema dun sistema de xestión da calidade, razoando a importancia de cada axente implicado.
- Explicar en que consiste o sistema de patentes e enumerar as súas vantaxes e os seus inconvenientes.

## **Bloque 2. Máquinas e sistemas.**

### **Conceptos básicos:**

- Definir máquina e sistema.
- Identificar os elementos e dispositivos que os compoñen.
- Analizar os bloques constitutivos de sistemas e/ou máquinas, interpretando a súa interrelación, e describir os principais elementos que os compoñen, utilizando o vocabulario relacionado co tema.

### **Mecanismos:**

- Identificar as principais máquinas simples e describir as súas características mecánicas.
- Describir os principais mecanismos de transmisión e transformación de movementos.
- Explicar as transformacións de movementos de diferentes mecanismos: biela manivela, piñón-cremalleira, levas, etc.
- Definir e calcular correctamente a relación de transmisión en diferentes mecanismos de transmisión de movementos.
- Definir os parámetros que caracterizan unha roda dentada.

### **Circuitos eléctricos e electrónicos:**

- Identificar os principais elementos compoñentes dun circuito eléctrico.
- Definir as magnitudes eléctricas básicas que identifican un circuito eléctrico.
- Describir o comportamento de circuitos con resistencia óhmica.
- Definir os conceptos de enerxía, e potencia.
- Explicar o efecto Joule e realizar cálculos cuantitativos.
- Diferenciar circuitos en serie, en paralelo e mixtos e recoñecer as súas características.
- Distinguir e clasificar os elementos receptores dun circuito en función das transformacións enerxéticas que teñen lugar neles.
- Identificar e deseñar circuitos sinxelos cos dispositivos electrónicos básicos: a resistencia, o díodo e o transistor.
- Coñecer a función e as aplicacións de circuitos integrados de uso común.

- Verificar o funcionamento de circuítos eléctrico-electrónicos interpretando os seus esquemas, utilizando os aparellos e os equipamentos de medida adecuados, interpretando e valorando os resultados obtidos.

***Circuítos pneumáticos e hidráulicos:***

- Identificar e definir as magnitudes básicas e as súas unidades empregadas en neumática e hidráulica.
- Enumerar os elementos compoñentes dun circuíto pneumático ou hidráulico e describir a súa función.
- Interpretar circuítos pneumáticos e representalos simbolicamente.
- Calcular a forza exercida por un actuador pneumático ou hidráulico coñecidas a presión que soporta e a superficie que presenta.
- Analizar as analogías e as diferenzas entre os cilindros de simple e de dobre efecto.
- Explicar a nomenclatura e a función das válvulas distribuidoras dun circuíto e describir o seu funcionamento.
- Describir o funcionamento e verificar a evolución dos sinais en circuítos pneumáticos ou hidráulicos, debuxando as súas formas e os valores nos puntos característicos.

***Sistemas automáticos de control:***

- Coñecer a topoloxía e os compoñentes básicos dos sistemas automáticos de control.
- Identificar a necesidade do control programado.
- Coñecer a arquitectura básica dun robot.

**Bloque 3. Materiais e procedementos de fabricación.**

***Materiais:***

- Identificar e distinguir as partículas que constitúen a estrutura atómica da materia.
- Recoñecer a existencia de estruturas cristalinas e distinguilas do estado amorfo.
- Enumerar e definir correctamente as propiedades mecánicas dos materiais.
- Valorar a importancia dos diferentes tipos de materiais polas súas propiedades e aplicacións.
- Distinguir e clasificar os tratamentos a que se someten os metais e describilos.
- Clasificar os materiais de uso corrente en función da súa composición e da súa orixe.
- Diferenciar os produtos siderúrxicos e describir a utilidade industrial de cada un.
- Clasificar os aceiros segundo a porcentaxe de aleantes que presentan e xustificar as súas propiedades.
- Xustificar a estrutura molecular dos plásticos a partir dos distintos procesos de polimerización que se empregan na súa obtención.
- Distinguir entre plásticos termoplásticos e plásticos termoestables.
- Describir algún proceso de obtención de plásticos.
- Relacionar produtos tecnolóxicos actuais ou novos cos materiais que posibilitan a súa produción, asociando as súas características cos produtos fabricados, utilizando exemplos concretos.

***Técnicas de fabricación:***

- Identificar as diferentes tecnoloxías de fabricación e clasificalas segundo o modo de conformar os materiais.
- Coñecer as técnicas, máquinas e ferramentas empregadas na fabricación se perda de material: moldeo, estampación, extrusión, trefiado.
- Coñecer as técnicas, máquinas e ferramentas empregadas na fabricación con perda de material: aserrado, o tradeado, o torneado, o fresado e o rectificadado.

- Explicar as principais técnicas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado.
- Xustificar a incidencia dos principais factores que inciden na saúde e a seguridade persoal no posto de traballo: composición da atmosfera, temperatura ambiente, ruído e radiacións.
- Clasificar as principais enfermidades profesionais derivadas do tratamento de materiais e propor medidas profilácticas que as eviten.

#### **Bloque 4. Recursos enerxéticos.**

##### ***Conceptos de enerxía, potencia e rendemento:***

- Identificar e definir o concepto de enerxía e as diferentes formas que ten de manifestarse na natureza.
- Coñecer as principais unidades en que se mide o traballo, a potencia e a enerxía nos diferentes sistemas de unidades e realizar cambios de unidades.
- Identificar e distinguir fontes de enerxía.
- Xustificar o concepto de rendemento enerxético e a súa importancia á hora de analizar fontes de enerxía.

##### ***Fontes de enerxía non renovables:***

- Recoñecer e distinguir os combustibles fósiles pola súa orixe, a súa composición, o seu poder calorífico e as súas aplicacións.
- Identificar os axentes contaminantes que se producen na combustión dos diferentes combustibles fósiles e valorar criticamente as súas consecuencias ambientais.
- Describir as características dos principais combustibles nucleares e os procesos de transformación a que son sometidos para obter deles enerxía.
- Enumerar os compoñentes básicos dunha central eléctrica e describir a súa función.
- Explicar o funcionamento das centrais térmicas e nucleares e enumerar os sistemas de seguridade que empregan para evitar o impacto ambiental da produción de enerxía.

##### ***Fontes de enerxía renovables:***

- Recoñecer as características das centrais hidroeléctricas.
- Describir as diferentes formas de aproveitamento da enerxía solar e eólica.
- Describir os procesos de transformación a que se somete a biomasa e os residuos sólidos urbanos para o seu aproveitamento e obtención de enerxía eléctrica.
- Tomar conciencia da importancia das fontes de enerxía renovables para a conservación do medio ambiente e a consecución dun desenvolvemento sustentable.

##### ***Consumo enerxético en vivendas e locais:***

- Coñecer as diferentes modalidades de subministración de gas que poden ter as vivendas e locais.
- Describir as características xerais da rede de distribución de enerxía eléctrica.
- Interpretar facturas de consumo enerxético a escala doméstica ou dun local.
- Calcular custos de consumo enerxético de edificios de vivendas ou industriais, partindo das necesidades e/ou dos consumos dos recursos utilizados.
- Enumerar medidas de aforro que permitan reducir o consumo enerxético en diferentes ámbitos, tanto a escala doméstica como industrial.
- Elaborar plans de redución de custos de consumo enerxético para locais ou vivendas, identificando os puntos onde o consumo poida ser reducido.

## **18 – Propostas de mellora do curso anterior incorporadas á programación**

Relación das propostas de mellora incluídas nesta programación como consecuencia da análise dos resultados do curso:

- Potenciar o traballo por tarefas e proxectos.
- Potenciar o uso da aula virtual no traballo diario do alumnado.

## PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN II (2º BACHARELATO)

### **Índice**

- 1 - Introducción e contextualización
- 2 – Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliábeis ao desenvolvemento das competencias clave
- 3 - Metodoloxía
- 4 - Materiais e recursos didácticos
- 5 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación
  - 5.1 Unidades didácticas
    - 5.1.1 Tarefas e proxectos
  - 5.2 Procedementos e instrumentos de avaliación
  - 5.3 Cadro da programación da materia
  - 5.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia
  - 5.5 Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave
- 6 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
  - 6.1 – Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua
  - 6.2-Superación da materia pendente de cursos anteriores
  - 6.3 – Acreditación de coñecementos necesarios para os alumnos que non cursaron a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación I no 1º curso de Bacharelato
- 7 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
- 8 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- 9 - Deseño da avaliación inicial
- 10 - Medidas de atención á diversidade
- 11 - Elementos transversais  
Os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e
- 12 - Actividades complementarias e extraescolares
- 13 - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación
- 14 - Accións de contribución ao proxecto lector
- 15 - Accións de contribución ao proxecto TIC
- 16 - Accións de contribución ao plan de convivencia
- 17 – Obxectivos para o presente curso
- 18 – Propostas de mellora do curso anterior incorporadas á programación

## **1 - Introducción e contextualización**

Na actualidade vivimos unha revolución permanente facilmente observable: manexamos información e aparellos tecnolóxicos que fai uns poucos anos non eramos capaces de imaxinar. A forma na que vivimos e traballamos cambiou profundamente e xurdiron un conxunto de novas capacidades e habilidades necesarias para desenvolverse e integrarse na vida adulta, nunha sociedade hiperconectada e nun constante e crecente cambio. Os alumnos e as alumnas deben estar preparados para adaptarse a un novo mapa de sociedade en transformación.

A materia Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) prepara ao alumnado para desenvolverse nun marco adaptativo; máis aló dunha simple alfabetización dixital centrada no manexo de ferramentas que quedarán obsoletas nun curto prazo de tempo, é necesario dotar dos coñecementos, as destrezas e as aptitudes para facilitar unha aprendizaxe permanente ao longo da vida, de forma que o alumnado poida adaptarse con versatilidade ás demandas que xurdan no campo do TIC. Día a día aparecen novos dispositivos electrónicos que crean, almacenan, procesan e transmiten información en tempo real e permiten ao usuario estar conectado e controlar en modo remoto diversos dispositivos no fogar ou o traballo, creando un escenario moi diferente ao de tempos pasados.

O I.E.S. de Mugarodos está situado no concello de Mugarodos. No caso do bacharelato, recibe estudantes non so de Mugarodos senón tamén do concello de Ares. Unha parte do alumnado procede de núcleos de poboación ( a Vila de Ares, a Vila de Mugarodos, Franza e o Seixo). Outra parte procede da zona rural.

En canto as infraestruturas en materia de TIC, a situación é moi variada. Hai zonas con posibilidades de contratar acceso a internet de alta velocidade e outras nas que a velocidade é moi reducida. Isto pode condicionar a capacidade dalgúns alumnos para o acceso desde os seus fogares a recursos pedagóxicos dispoñibles en internet.

A actual realidade económica na comarca fai moi recomendable o emprego de software libre ou gratuíto como medida para fomentar a igualdade e tratar de superar as diferencias socioeconómicas.

Os espazo nos que se impartirá a materia é a Aula de Informática. Esta aula dispón de 17 ordenadores (incluíndo o do profesor), dúas impresoras, impresora 3D e canón proxector. O software dos ordenadores foi totalmente renovado en xuño do 2019, e funciona con fluidez. A maioría dos equipos foron renovados en xunio de 2016. Como punto negativo cabe sinalar a obsolescencia do hardware dos 3 ordenadores non renovados.

## **2 – Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave**

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. A contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación II ao desenvolvemento das competencias clave recóllese na seguinte táboa:

Competencia	Estándares de aprendizaxe
Comunicación lingüística (CCL)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC2B1.1.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.</li> <li>▪ TIC2B1.5.3. Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan.</li> <li>▪ TIC2B2.1.1. Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.</li> <li>▪ TIC2B2.2.1. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.</li> <li>▪ TIC2B2.3.1. Explica as características relevantes da web 2.0 e os principios en que esta se basea.</li> <li>▪ TIC2B3.1.1. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información.</li> </ul>

<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC2B1.1.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.</li> <li>▪ TIC2B1.2.1. Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos.</li> <li>▪ TIC2B1.3.1. Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente.</li> <li>▪ TIC2B1.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.</li> <li>▪ TIC2B1.4.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.</li> <li>▪ TIC2B1.4.2. Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.</li> <li>▪ TIC2B1.5.1. Selecciona elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.</li> <li>▪ TIC2B1.5.2. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección</li> <li>▪ TIC2B1.5.3. Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan.</li> <li>▪ TIC2B2.1.1. Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.</li> <li>▪ TIC2B2.2.1. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.</li> <li>▪ TIC2B2.3.1. Explica as características relevantes da web 2.0 e os principios en que esta se basea.</li> <li>▪ TIC2B3.1.1. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información.</li> <li>▪ TIC2B3.2.1. Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación.</li> </ul>
--	--



Competencia dixital (CD)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC2B1.1.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.</li> <li>▪ TIC2B1.2.1. Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos.</li> <li>▪ TIC2B1.3.1. Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente.</li> <li>▪ TIC2B1.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.</li> <li>▪ TIC2B1.4.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.</li> <li>▪ TIC2B1.4.2. Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.</li> <li>▪ TIC2B1.5.1. Selecciona elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.</li> <li>▪ TIC2B1.5.2. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección</li> <li>▪ TIC2B1.5.3. Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan.</li> <li>▪ TIC2B2.1.1. Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.</li> <li>▪ TIC2B2.2.1. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.</li> <li>▪ TIC2B2.3.1. Explica as características relevantes da web 2.0 e os principios en que esta se basea.</li> <li>▪ TIC2B3.1.1. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información.</li> <li>▪ TIC2B3.2.1. Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación.</li> </ul>
As probas escritas do alumnado que non poda asistir á aula faranse na aula virtual. As probas se elaborarán de xeito que o alumnado poida facelas cos medios que ten dispoñibles e poida entregalas por medio da aula virtual.

## **6.2-Superación da materia pendente de cursos anteriores**

Non hai ningún alumno coa materia pendente dos cursos anteriores

## **6.3 – Acreditación de coñecementos necesarios para os alumnos que non cursaron a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación I no 1º curso de Bacharelato**

O alumnado que non teña cursado a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación I no curso de 1º de Bacharelato poderá acreditar ter os coñecementos necesarios para seguir con aproveitamento a materia facendo unha proba escrita. A dita proba abarcará aqueles contidos do curso de Tecnoloxías da Información e da Comunicación I que teñen unha continuidade na materia de 2º curso ou se consideren necesarios para abordar o curso.



## **7 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente**

En cada a avaliación realizarase unha empregando a seguinte táboa:

<b>Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente</b>				
<b>Indicadores</b>	<b>Bo /Boa</b>	<b>Axeitado/a</b>	<b>Mellorable</b>	<b>Malo/a</b>
Adecuación de obxectivos e contidos ás características e necesidade do alumnado				
Adecuación dos criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado				
Grao de consecución das aprendizaxes acadadas polo alumnado				
Medidas ordinarias de atención á diversidade dentro da aula				
Programación didáctica e o seu desenvolvemento				
Organización da aula para desenvolver as programación				
Aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións				
Procedementos de avaliación do alumnado				
Coordinación do profesorado de cada curso				
Coordinación do profesorado de cada curso cos dos cursos anteriores				

## **8 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non hai alumnos coa materia pendente.

## **9 - Deseño da avaliación inicial**

A avaliación inicial ten por obxecto o coñecemento do marco xeneral no que vai ter lugar a acción docente. Isto significa ter en conta non só o punto de partida dos alumnado, senón o punto de partida da materia (en canto a posibilidades, potencialidades), do profesorado, do Departamento e do Centro. A avaliación inicial debe ter en conta, ademais dos aspectos relacionados co currículo, a atención individualizada, os sistemas de comunicación e os recursos tecnolóxicos e didácticos dispoñibles. O Obxectivo deste tipo de avaliación é conseguir saber o que temos para actuar en consecuencia.

¿Que avaliar? As respostas a esta pregunta poderían ser:

<b>Aspectos a avaliar</b>	
<b>Da materia</b>	<b>Da infraestrutura</b>
Coñecemento previo específico	Coñecemento específico
As características e circunstancias persoais	As características e circunstancias persoais
As aptitudes	As aptitudes
A actitude	A actitude

É probable que o alumno teña coñecementos previos específicos, obtidos en procesos educativos formais anteriores nesta materia e noutras; e tamén en procesos non formais e informais. Descubrir isto pode ser un excelente punto de partida para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Por outra banda as características e circunstancias persoais adoitan ter unha importancia decisiva no que se refire ás probabilidades de éxito-fracaso. Tamén é relevante o coñecemento das aptitudes (habilidades intelectuais, destrezas) e as actitudes cara o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe, o que proporciona información sobre as motivacións coas que os abordan.

Todas estas cuestións a avaliar respecto da materia de estudo deben ser estendidas ó manexo das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) que serán habitualmente utilizadas no traballo educativo. Pese a crecente simplicidade no manexo das TIC, moitas persoas atopan dificultades para manexarse adecuadamente con elas.

A avaliación inicial basearase en varias fontes de información:

- Proba escrita realizada coa finalidade de detectar coñecementos previos.
- Observacións
- Cuestións iniciais das primeiras unidades didácticas.

O resultado da avaliación inicial permítenos orientar o proceso de ensinanza aprendizaxe e guiarnos na toma de decisións sobre grupos de traballo, actividades, ...

De confirmarse dificultades graves no proceso de ensinanza-aprendizaxe dun alumno/a, porase en coñecemento do departamento de orientación para estudar as medidas a adoptar.

## **10 - Medidas de atención á diversidade**

No contexto dun ensino formal presencial, un dos obxectivos que deben exporse é a individualización do proceso de ensino e aprendizaxe, pois cada estudante é diferente ao resto tanto en actitudes como en aptitudes. Tendo en conta de que os ritmos de aprendizaxe difiren duns estudantes a outros, é labor do docente trazar as estratexias adecuadas para tratar que todos os alumnos e as alumnas dispoñan das mesmas oportunidades para alcanzar, por unha banda, os obxectivos marcados na etapa e, por outro, o grao de desenvolvemento persoal ao que pode optar cada cal.

Con todo, esta homoxeneización á que faciamos referencia non é perfecta e, posiblemente, tampouco sexa desexable. Como en todo grupo humano, fan a súa aparición as características propias de cada un, que fan patentes diferentes ritmos de aprendizaxe, diferentes habilidades e diferentes competencias, que enriquecen ao grupo, pero que demandan unha atención expresa por parte de quen ten a obrigaçión de ensinar. Existen, pois, alumnos e alumnas metódicos, e outros irregulares na maneira de abordar o traballo; alumnos e alumnas autónomos, e outros dependentes á hora de enfrontarse á súa propia aprendizaxe; alumnos e alumnas concisos, e outros ampulosos ao expor os seus puntos de vista ou os contidos apresos; alumnos e alumnas reflexivos, ou pola contra, impulsivos, en relación á forma de desenvolver as diferentes tarefas encomendadas. A todos eles é preciso ofrecerlles un camiño que lles permita conseguir o máximo grao de progreso persoal posible.

Nesta materia, o tratamento da diversidade enfocouse a través de dous fíos condutores:

- 13.A programación de contidos, adaptada ao currículo oficial. A selección e estruturación da información mostrada ten o obxectivo de resultar familiar ao alumnado. A profundidade coa que se desenvolven os temas persegue combinar en difícil equilibrio o rigor que se lle debe a unha disciplina científica coa claridade expositiva e co carácter motivador do estilo empregado.
- 14.As diferentes actividades prácticas propostas para afianzar os contidos buscan xerar no alumnado unha disposición ao traballo, esforzo e compromiso persoais coa súa propia aprendizaxe, que favoreza a asimilación dos conceptos teóricos estudados. Estas actividades poderían ser clasificadas en dous grupos definidos:
  - a) Actividades de detección de coñecementos previos. Resultan fundamentais para iniciar a argumentación da unidade correspondente sobre unha base real da situación dos estudantes. Poderían mencionarse neste aspecto:
    - Aquelas que propician un debate entre os estudantes e que favorecen o coñecemento dos seus puntos de vista.

- Aquelas que remiten a coñecementos que deberían estar adquiridos e que deben ser repasados.
- b) Actividades de consolidación, é dicir, as que traballadas a medida que van sendo expostos os diferentes contidos, serven para guiar o esforzo dos estudantes na asimilación dos mesmos. A deste tipo:
- Exercicios e actividades individuais relacionadas ca unidade.
  - Actividades que poden ser resoltas en grupo e que permiten a integración das diversas sensibilidades na confección dun único traballo, á vez que favorecen a aceptación das aptitudes e carencias dos diferentes membros do grupo.
  - Actividades de realización persoal, que poden ser escollidas en función da natureza de cada estudante co obxectivo de despreparar o maior número de habilidades que cada un teña.

## 11 - Elementos transversais

Os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

A seguinte táboa recolle os elementos transversais:

Desenvolvemento sostible e medio	1
Os riscos de explotación e abuso sexual	2
Abuso e maltrato das persoas con discapacidade	3
Situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC	4
Protección ante emerxencias e catástrofes	5
Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor	6
Adquisición das competencias para o desenvolvemento dos diversos modelos de empresa	7
Fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario	8
Ética empresarial	9
Educación e seguridade vial	10

Relación entre os elementos transversais e os estándares de aprendizaxe nos que se traballan.

MATERIA	CURSO	NIVEL	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
TIC	1º	Bacharelato	TIC2B2. 2.1 TIC2B2. 3.1	TIC2B2. 2.1 TIC2B2. 3.1	TIC2B2. 1.1 TIC2B2. 2.1 TIC2B2. 3.1	TIC2B1. 1.1 TIC2B1. 2.1 TIC2B1. 5.1 TIC2B1. 5.2 TIC2B1. 5.3 TIC2B2. 1.1	TIC2B2. 3.1 TIC2B3. 1.1	TIC2B1. 2.1 TIC2B1. 3.1 TIC2B1. 4.2 TIC2B2. 1.1 TIC2B2. 2.1 TIC2B2. 3.1 TIC2B3. 2.1	TIC2B1. 2.1 TIC2B1. 3.1 TIC2B1. 4.2 TIC2B2. 1.1 TIC2B2. 2.1 TIC2B2. 3.1	TIC2B2. 1.1 TIC2B2. 2.1 TIC2B2. 3.1	TIC2B2. 1.1 TIC2B2. 2.1 TIC2B2. 3.1	

## **12 - Actividades complementarias e extraescolares**

As actividades complementarias e extraescolares dependerán da evolución da situación sanitaria derivada da COVID-19, no podendo precisarse no momento de elaborar a programación.

## **13 - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación**

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Empregarase unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

### **14 - Accións de contribución ao proxecto lector**

Para o fomento da lectura e escritura e da comprensión lectora realizaranse actividades recollidas no Proxecto lector do IES de Mugarodos e adaptadas ós contidos das materias. As actividades poden variar en función do curso ou para unha mellor atención á diversidade. Entre outras realizaranse as seguintes actividades:

- Asunción da proposta de modelo para o alumnado de elaboración de traballos escritos recollidas no Proxecto lector.
- Lectura analítica e crítica dos textos propios de cada materia.
- Intervencións sobre o vocabulario vangardista para o alumnado ou específico da temática a tratar.
- Uso de lecturas complementarias extraídas de distintas fontes como prensa, revistas, páxinas web, etc. para reforzar coñecementos adquiridos.
- Lectura selectiva de textos propostos polo profesorado en soporte informático.
- Lectura e posta en común das respostas do alumnado ás cuestións propostas, co obxectivo de provocar reflexión sobre as solucións aportadas.

### **15 - Accións de contribución ao proxecto TIC**

As TIC forman unha parte esencial do currículo da materia e pode decirse que “son” a materia. A materia de Tecnoloxías da Información e a Comunicación é especialmente indicada para traballar os contidos e destrezas que contribúan a adquirir unha adecuada competencia no tratamento da información e competencia dixital.

Ademais dos contidos propios das TIC do currículo, estas empregaranse noutras partes da materia dos seguintes xeitos:

- adquisición de información ( internet, enciclopedias electrónicas, ...).
- tratamento da información: elaboración de memorias, realización de debuxos, esquemas, planos, etc.

Este curso dada a situación derivada da COVID-19 é previsible que poden darse situacións de ensino semipresencial ou non presencial, polo que se fará uso da Aula Virtual dende o principio do curso para asegurarse que o alumnado pode entrar na aula sen problemas e coñece o seu manexo.

### **16 - Accións de contribución ao plan de convivencia**

Ademais de colaborar no que a nivel de centro se solicite, as normas e fomento dos valores de convivencia forma parte da esencia mesma da nosa labor docente. O Traballo colaborativo por proxectos, as dinámicas de grupo, o método de resolución de problemas son principios metodolóxicos que nos son propios.; así como os contidos transversais que van parellos ó resto dos contidos das materias.

### **17 – Obxectivos para o presente curso**

Os obxectivos se especifican en relación ós bloques do currículo da materia

Bloque 1. Programación

## Programación

Comprender o termo «algoritmo» e deseñalo para a resolución de problemas concretos relacionados con situacións reais da vida cotiá.

Coñecer e aplicar as fases de realización dun programa e utilizar os diagramas de fluxo para representar o algoritmo de resolución do problema exposto.

Coñecer os conceptos básicos de operación con variables e constantes: declaración, asignación de valores, impresión do seu contido e utilización con controis.

Manexar con soltura os operadores aritméticos na realización de operacións con variables ou constantes.

Comprender o mecanismo de creación de contadores e utilízalos cando sexa preciso.

Coñecer o fundamento, disposición e función das estruturas selectivas.

Empregar con soltura os operadores relacionais e lóxicos na creación de condicións que serán empregadas nas estruturas selectivas.

Utilizar con competencia as estruturas iterativas, con todas as súas variedades, estando ao tanto dos elementos que as compoñen, a súa organización e a finalidade que se persegue.

Escribir o código respectando as normas básicas de presentación e de aniñamento de estruturas.

Interiorizar o concepto de programación modular. Descompoñer problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas. Escribir programas módulos, procedementos e funcións.

Deseñar e realizar probas: tipos de probas e casos de proba. Seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.

Depurar programas informáticos, optimizándoos para a súa aplicación. Optimizar o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.

Analizar código de programas e refactorizar. Familiarizarse cos repositorios de código e control de versións.

## Seguridade

Analizar a importancia da protección da información na sociedade do coñecemento, valorando as repercusións de tipo económico, social ou persoal, facendo fincapé en casos recentes de ataques reais publicados nos medios de comunicación.

Coñecer os elementos básicos da seguridade lóxica: tipos de ameaza, técnicas de vixilancia dos sistemas, protección contra virus, e respaldo da información. Seleccionar elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.

Coñecer os elementos básicos da seguridade física: protección física das redes. Elaborar esquemas de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección

Coñecer os tipos de código malicioso e usos: virus, troianos, portas traseiras e publicitario.

Clasificar o código malicioso pola súa capacidade de propagación analizando as características de cada un, e sobre que elementos actúan.

## Bloque 2. Publicación e difusión de contidos

Manexar con soltura editores web sinxelos e comprender a linguaxe que utilizan.

Comprender o funcionamento da web e manexar os servizos de hosting para publicar o seu propio sitio web e blog.

Coñecer as bases das linguaxes de marcaxe para a creación de documentos web.



Cofecer os diferentes métodos de creación de páxinas web.

Utilizar e describir as características das ferramentas relacionadas coa web social, identificando as funcións e as posibilidades que ofrecen as plataformas de traballo colaborativo.

Deseñar páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.

Valorar a importancia dun deseño web adaptado para conseguir publicacións accesibles a calquera usuario da web.

Familiarizarse cas ferramentas de xestión de contidos da web 2.0. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, gráfica e multimedia, tendo en conta a quen van dirixidos e os obxectivos. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.

Recoñecer as características máis relevantes da web 2.0 e os principios nos que se basea esta. Realizar traballos colaborativos aproveitando as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías baseadas na web 2.0.

### Bloque 3. Seguridade

Analizar as principais medidas físicas e lóxicas de seguridade empregadas nas redes: devasas, copias de seguridade, sistemas de control de acceso, monitorización de sistemas e análise de logs.

Interiorizar as condutas de seguridade activa e pasiva que posibilitan a protección dos datos e do propio individuo nas súas interaccións en internet e na xestión de recursos e aplicacións locais.

Elaborar esquemas de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para pequenas redes, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información.

## **18 – Propostas de mellora do curso anterior incorporadas á programación**

Relación das propostas de mellora incluídas nesta programación como consecuencia da análise dos resultados do curso anterior:

- Potenciar o traballo por tarefas e proxectos.
- Potenciar o uso da aula virtual no traballo diario do alumnado.

**PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II (2º BACHARELATO)****Índice**

- 1 - Introducción e contextualización
- 2 – Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave
- 3 - Metodoloxía
- 4 - Materiais e recursos didácticos
- 5 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación
  - 5.1 Unidades didácticas
    - 5.1.1 Tarefas e proxectos
  - 5.2 Procedementos e instrumentos de avaliación
  - 5.3 Cadro da programación da materia
  - 5.4 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia
  - 5.5 Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave
- 6 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
  - 6.1 – Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua
  - 6.2-Superación da materia pendente de cursos anteriores
  - 6.3 – Acreditación de coñecementos necesarios para os alumnos que non cursaron a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación I no 1º curso de Bacharelato
- 7 - Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
- 8 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- 9 - Deseño da avaliación inicial
- 10 - Medidas de atención á diversidade
- 11 - Elementos transversais  
Os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e
- 12 - Actividades complementarias e extraescolares
- 13 - Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da propia programación
- 14 - Accións de contribución ao proxecto lector
- 15 - Accións de contribución ao proxecto TIC
- 16 - Accións de contribución ao plan de convivencia
- 17 – Obxectivos para o presente curso
- 18 – Propostas de mellora do curso anterior incorporadas á programación

## **1 - Introducción e contextualización**

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediateza que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

O I.E.S. de Mugardos está situado no concello de Mugardos. No caso do bacharelato, recibe estudantes non só de Mugardos senón tamén do concello de Ares. Unha parte do alumnado procede de núcleos de poboación ( a Vila de Ares, a Vila de Mugardos, Franza e o Seixo). Outra parte procede da zona rural.

En canto as infraestruturas en materia de TIC, a situación é moi variada. Hai zonas con posibilidades de contratar acceso a internet de alta velocidade e outras nas que a velocidade é moi reducida. Isto pode condicionar a capacidade dalgúns alumnos para o acceso desde os seus fogares a recursos pedagóxicos dispoñibles en internet.

A actual realidade económica na comarca fai moi recomendable o emprego de software libre ou gratuíto como medida para fomentar a igualdade e tratar de superar as diferencias socioeconómicas.

Os espazos nos que se impartirá a materia son, a Aula de Tecnoloxía (2 horas/semana) e a Aula 4 (1 hora/semana).

- A aula de Tecnoloxía está dotada de Canón proxector, encerado dixital e un ordenador. Dispón de un equipo para prácticas de pneumática e material para prácticas de electricidade e electrónica básicas, robótica e automatización.
- A aula 4 está dotada de Canón proxector, encerado dixital e un ordenador.

Este curso dada a situación derivada da COVID-19 é previsible que non poida empregarse a Aula de Informática, dada a falta de espazo para manter o espazamento necesario entre o alumnado e a necesidade de reducir os movementos de alumnado no centro.

## **2 – Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das competencias clave**

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. A contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados da Tecnoloxía Industrial II ao desenvolvemento das competencias clave recóllese na seguinte táboa:

Competencia	Estándares de aprendizaxe
Comunicación lingüística (CCL)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B1.1.1. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna.</li> <li>▪ TI2B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto.</li> <li>▪ TI2B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto.</li> <li>▪ TI2B2.1.2. Define as características e a función dos elementos dunha máquina, interpretando planos de máquinas dadas.</li> <li>▪ TI2B2.2.2. Describe o funcionamento e as partes dos motores térmicos e eléctricos.</li> <li>▪ TI2B3.1.1. Define as características e a función dos elementos dun sistema automático, interpretando planos e esquemas destes.</li> <li>▪ TI2B3.2.1. Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas, describe a función de cada bloque no conxunto e xustifica a tecnoloxía empregada.</li> <li>▪ TI2B5.1.1. Explica o funcionamento dos biestables, indicando os tipos e as súas táboas de verdade asociadas.</li> <li>▪ TI2B5.4.1. Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial.</li> </ul>

<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B1.1.1. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna.</li> <li>▪ TI2B1.1.2. Selecciona o material máis axeitado para unha aplicación concreta, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>▪ TI2B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto.</li> <li>▪ TI2B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto.</li> <li>▪ TI2B2.2.1. Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento.</li> <li>▪ TI2B2.2.2. Describe o funcionamento e as partes dos motores térmicos e eléctricos.</li> <li>▪ TI2B3.1.1. Define as características e a función dos elementos dun sistema automático, interpretando planos e esquemas destes.</li> <li>▪ TI2B3.1.2. Diferencia entre sistemas de control de lazo aberto e pechado, e propón exemplos razoados.</li> <li>▪ TI2B3.2.1. Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas, describe a función de cada bloque no conxunto e xustifica a tecnoloxía empregada.</li> <li>▪ TI2B3.3.1. Verifica mediante simuladores os sinais de entrada e saída dun sistema automático.</li> <li>▪ TI2B3.4.1. Monta fisicamente circuítos simples, interpretando esquemas e realizando gráficos dos sinais nos puntos significativos.</li> <li>▪ TI2B4.1.1. Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais, identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas.</li> <li>▪ TI2B4.1.2. Deseña circuítos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuítio.</li> <li>▪ TI2B4.1.4. Visualiza sinais en circuítos dixitais mediante equipamentos reais ou simulados, e verifica a súa forma.</li> <li>▪ TI2B5.1.1. Explica o funcionamento dos biestables, indicando os tipos e as súas táboas de verdade asociadas.</li> <li>▪ TI2B5.2.1. Obtén sinais de circuítos secuenciais típicos empregando software de simulación.</li> <li>▪ TI2B5.2.2. Debuxa cronogramas de circuítos secuenciais partindo dos esquemas destes e das características dos elementos que o compoñen.</li> <li>▪ TI2B5.3.1. Deseña circuítos lóxicos secuenciais sinxelos a partir de especificacións concretas e elaborando o esquema do circuítio.</li> <li>▪ TI2B5.4.1. Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial.</li> </ul>
--	---

Competencia dixital (CD)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T12B1.1.2. Selecciona o material máis axeitado para unha aplicación concreta, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>▪ T12B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto.</li> <li>▪ T12B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto.</li> <li>▪ T12B3.2.1. Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas, describe a función de cada bloque no conxunto e xustifica a tecnoloxía empregada.</li> <li>▪ T12B3.3.1. Verifica mediante simuladores os sinais de entrada e saída dun sistema automático.</li> <li>▪ T12B4.1.2. Deseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuito.</li> <li>▪ T12B4.1.4. Visualiza sinais en circuitos dixitais mediante equipamentos reais ou simulados, e verifica a súa forma.</li> <li>▪ T12B5.2.1. Obtén sinais de circuitos secuenciais típicos empregando software de simulación.</li> <li>▪ T12B5.4.1. Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial.</li> </ul>
Aprender a aprender (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T12B1.1.2. Selecciona o material máis axeitado para unha aplicación concreta, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>▪ T12B2.1.2. Define as características e a función dos elementos dunha máquina, interpretando planos de máquinas dadas.</li> <li>▪ T12B3.1.1. Define as características e a función dos elementos dun sistema automático, interpretando planos e esquemas destes.</li> <li>▪ T12B3.1.2. Diferencia entre sistemas de control de lazo aberto e pechado, e propón exemplos razoados.</li> <li>▪ T12B3.4.1. Monta fisicamente circuitos simples, interpretando esquemas e realizando gráficos dos sinais nos puntos significativos.</li> <li>▪ T12B4.1.2. Deseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuito.</li> <li>▪ T12B5.3.1. Deseña circuitos lóxicos secuenciais sinxelos con biestables a partir de especificacións concretas e elaborando o esquema do circuito.</li> </ul>
Competencias sociais e cívicas (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T12B3.2.1. Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas, describe a función de cada bloque no conxunto e xustifica a tecnoloxía empregada.</li> <li>▪ T12B4.1.2. Deseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuito.</li> <li>▪ T12B5.3.1. Deseña circuitos lóxicos secuenciais sinxelos con biestables a partir de especificacións concretas e elaborando o esquema do circuito.</li> </ul>
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	

### Contribución da materia ó perfil competencial

Competencia	Estándares de aprendizaxe
Comunicación lingüística (CCL)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T12B1.1.1. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna.</li> </ul>

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B2.2.1. Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento.</li> </ul>
Competencia dixital (CD)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto.</li> </ul>
Aprender a aprender (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B3.4.1. Monta fisicamente circuitos simples, interpretando esquemas e realizando gráficos dos sinais nos puntos significativos.</li> </ul>
Competencias sociais e cívicas (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B4.1.2. Deseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuito.</li> </ul>
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>

### **3 - Metodoloxía**

Empregarase metodoloxías variadas para flexibilizar a forma de traballar:

- Tarefas globalizadas que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado. Incluirán:
  - Traballos de investigación realizados de xeito colaborativo
  - Elaboración de informes ou presentacións.
  - Actividades.
- Investigación mediante proxectos de traballo.
- Boletíns de actividades individuais.
- As TIC empregaranse como recurso didáctico de varios xeitos:
  - Busca de información.
  - Elaboración de informes.
  - Coordinación do traballo en grupo.

**Haberá un equilibrio entre coñecementos e procedementos:** conxugarase o traballo dos coñecementos (coa amplitude e rigor necesarios) cas habilidades e destrezas. Entre estas destrezas están a elaboración de documentos de texto, presentacións electrónicas ou audiovisuais que poden ser utilizadas para a presentación de proxectos ou informes.

**Fomento do aprendizaxe colaborativo:** fomentarase o traballo en grupo ou por parellas. Dada a situación derivada da COVID-19 o traballo colaborativo terá que facerse facerse na aula virtual.

Se potenciará o uso da aula virtual no traballo diario do alumnado. Empregarase de xeito cotián para a entrega de actividades feitas na Aula de Informática

#### **Caso de ensino semipresencial**

No caso de ensino semipresencial tentará facerse emprego da aula virtual do xeito mais "natural" posible para o alumnado: se traballará a mesma materia e se farán as mesmas actividades na aula "física" que na aula virtual. As tarefas e proxectos realizados de xeito colaborativo continuarán a realizarse. O mesmo método se empregará para realizar probas escritas. As probas escritas do alumnado que non poda asistir á aula faranse na aula virtual. As probas se elaborarán de xeito que o alumnado poida facelas cos medios que ten dispoñibles e poida entregalas por medio da aula virtual.

#### **Caso de ensino non presencial**

Neste caso se seguirá na aula virtual, medida do posible, o ritmo de traballo e as actividades previstas para a "aula física".

As tarefas e proxectos colaborativos previstos para realizar durante o curso realizaranse na aula virtual. Estarán deseñados para poder traballarse deste xeito.

As probas se elaborarán de xeito que o alumnado poida facelas cos medios que ten dispoñibles e poida entregalas por medio da aula virtual.

Tanto no caso de ensino semipresencial coma non presencial se buscará unha interacción co alumnado reenviando corrixidas de xeito regular as producións (actividades, presentacións, informes,...) entregadas na aula virtual. Ademais se organizarán sesións periódicas de videoconferencia co alumnado para resolución de dúbidas.

#### **Melloras metodolóxicas resultado pas propostas de mellora de cursos anteriores**



- O estudo dos motores térmicos debe facerse cunha introdución previa-repaso solo dos coñecementos máis imprescindibles de termodinámica . Se entregará o alumno/a uns apuntes daqueles contidos que se consideran necesarios para poder superar os estándares de aprendizaxe.
- O estudo dos motores eléctricos de CC require uns coñecementos previos de análise de circuítos de CC que inclúe as Leis de Kirchoff. Entregarase ós alumnos uns apuntes de repaso dos contidos previos necesarios, reducindo algúns contidos teóricos excesivos do libro de texto.

#### **4 - Materiais e recursos didácticos**

Empregarase como libro do alumnado o seguinte:

- Título: Tecnología Industrial II
- Editorial: Edebé
- Ano de publicación: 2011
- ISBN: 9788423695386

A editorial dispón de recursos complementarios na internet

Tamén empregaranse apuntes e boletíns de actividades de elaboración propia para completar aqueles contidos que non abrangue o libro de texto.

Materiais curriculares fotocopiáveis: nalgúns caso poden atoparse recursos na internet subministrados por empresas, institucións e outros docentes. Na medida do posible estes materiais subministraranse en forma de arquivos ou hiperligazóns.

Software instalado localmente: empregaranse na medida do posible software libre ou gratuíto coa finalidade de fomentar a igualdade fronte as diferencias socio-económicas.

Entre este software está:

- Suite ofimática: LibreOffice
- CAD: LibreCAD
- Simulación de circuítos dixitais: Logisim

Aplicacións na nube: Documentos de Google

Páxinas web:

Contidos varios: [ares.cnice.mec.es/electrotecnia/alumno.htm](http://ares.cnice.mec.es/electrotecnia/alumno.htm)

Simulador de circuítos eléctricos:

[phet.colorado.edu/en/simulations/category/physics/electricity-magnets-and-circuits](http://phet.colorado.edu/en/simulations/category/physics/electricity-magnets-and-circuits)

Simulador de circuítos pneumáticos: [www.logiclab.hu](http://www.logiclab.hu)

No momento de escribir esta programación no poden precisarse todos os recursos da internet que se empregarán, pois a internet é unha fonte moi rica de novos recursos.

Aula virtual:

Empregarase a aula virtual de xeito regular, tanto para a entrega de traballos e actividades por parte do alumnado como para o subministro de apuntes e outros materiais por parte do profesor.

A aula de Tecnoloxía dispón de un equipo para prácticas de pneumática e material para prácticas de electricidade básicas.

## **5 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación**

### **5.1 Unidades didácticas**

#### **Bloque 1. Materiais**

Número	Título	Descrición	Secuenciación (trimestre)
1.1	Estrutura e propiedades dos materiais, métodos de ensaio e medida	A estrutura interna e propiedades dos materiais. Procedementos de ensaio e medida de propiedades dos materiais. Técnicas de modificación das propiedades dos materiais. Selección de materiais segundo a aplicación a que van destinados.	2

#### **Bloque 2. Principios de máquinas**

Número	Título	Descrición	Secuenciación (trimestre)
2.1	Conceptos fundamentais das máquinas	Conceptos fundamentais das máquinas, estrutura e tipos. Conceptos termodinámicos, calor e frío.	2
2.2	Motores térmicos	Motores térmicos	2
2.3	Motores de eléctricos	Motores eléctricos de corrente continua (CC)	3

#### **Bloque 3. Sistemas automáticos**

Número	Título	Descrición	Secuenciación (trimestre)
3.1	Sistemas automáticos de control	Sistemas automáticos de control. Tipos de control. Estabilidade	3
3.2	Elementos de un sistema de control	Sensores, captadores e transdutores	3

#### **Bloque 4. Circuitos e sistemas lóxicos**

Número	Título	Descrición	Secuenciación (trimestre)
4.1	Circuitos dixitais	Circuitos lóxicos. Alxebbras de Boole. Táboas de verdade. Portas e funcións lóxicas. Simplificación de funcións lóxicas.	1
4.2	Circuitos lóxicos combinacionais	Circuitos lóxicos combinacionais. Deseño e simulación de circuitos lóxicos combinacionais.	1

#### **Bloque 5. Control e programación de sistemas automáticos**

Número	Título	Descrición	Secuenciación (trimestre)
5.1	Circuitos lóxicos secuenciais	Circuitos lóxicos secuenciais. Deseño e simulación de circuitos lóxicos secuenciais.	1
5.2	Circuitos de control programado	O microprocesador: elementos principais. Microprocesadores para computadores de uso doméstico.	1

### 5.1.1 Tarefas e proxectos

Para desenvolver as unidades didácticas anteriores realizarase un proxecto ou tarefa por trimestre.

Ademais faranse as tarefas, proxectos e actividades previstas no "*Plan de reforzo para recuperar as aprendizaxes non adquiridas no curso 2019/20*"

PROXECTO			
Deseño e montaxe dun circuío combinacional que resolva un determinado problema.			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Álgebra de Boole. Táboas da verdade. Portas e funcións lóxicas. Simplificación de funcións.</li> <li>▪ B4.2. Circuitos lóxicos combinacionais. Circuitos combinacionais integrados.</li> <li>▪ B4.3. Deseño, montaxe e simulación de circuitos lóxicos combinacionais. Aplicacións.</li> <li>▪ B4.4. Representación e interpretación de sinais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Deseñar mediante portas lóxicas sinxelos automatismos de control, aplicando procedementos de simplificación de circuitos lóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B4.1.1. Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais, identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B4.1.2. Deseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuío.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TI2B4.1.3. Deseña circuitos lóxicos combinacionais con bloques integrados, partindo de especificacións concretas, e propón o posible esquema do circuío.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Obxectivos Didácticos:			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar as funcións lóxicas básicas, representalas mediante portas lóxicas e recoñecer as súas táboas de verdade.</li> <li>• Simplificar funcións aplicando as propiedades das operacións lóxicas e a través de diagramas de Karnaugh.</li> <li>• Recoñecer os circuitos lóxicos combinacionais máis comúns e as funcións que realizan.</li> <li>• Deseñar e implementar, mediante portas lóxicas, sinxelos automatismos de control, aplicando procedementos de simplificación de circuitos lóxicos.</li> </ul>			
Actividades e tarefas. Secuencia didáctica:			
<p>Proposta dun problema que se ha de solucionar mediante o deseño e montaxe dun circuío combinacional con portas lóxicas.</p> <p>Definición e formas de representar unha función lóxica.</p> <p>Explicación das portas lóxicas AND, OR, NOT, NAND, NOR e EXOR.</p> <p>Simplificación de funcións lóxicas mediante o método de Karnaugh.</p> <p>Realización de exercicios para exemplificar como se simplifican as funcións lóxicas co método anterior.</p> <p>Implementación de funcións lóxicas.</p> <p>Montaxe do circuío combinacional empregando circuitos integrados.</p>			
Temporalización:			
1º trimestre			

**Produto final:****Recursos:**

Aula virtual. Internet. Kit de electrónica dixital. Apuntamentos.

**Produto:**

Arquivos de exercicios de circuítos dixitais e montaxe do circuítu combinacional.

**Avaliación:**

Arquivo de exercicios de circuítos dixitais: 5 puntos.

Montaxe do circuítos dixital: 5 puntos.

Instrumento de avaliación: rúbrica do proxecto.

TAREFA			
Nikolaus August Otto e Rudolf Diesel.			
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Máquinas: conceptos fundamentais, estrutura e tipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Definir e expor as condicións nominais dunha máquina ou unha instalación a partir das súas características de uso, presentándoas co soporte de medios informáticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T12B2.1.2. Define as características e a función dos elementos dunha máquina, interpretando planos de máquinas dadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Máquinas térmicas: tipos, funcionamento e aplicacións principais.</li> <li>▪ B2.5. Magnitudes que definen as máquinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Describir as partes de motores térmicos e analizar os seus principios de funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T12B2.2.1. Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ T12B2.2.2. Describe o funcionamento e as partes dos motores térmicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<b>Obxectivos Didácticos:</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Indagar sobre as figuras destes dous enxeñeiros e sobre as súas achegas ao mundo da automoción.</li> <li>• Definir o motor térmico e establecer o principio básico do seu funcionamento e clasificar os motores térmicos segundo as características do proceso de combustión que leva a cabo neles.</li> <li>• Analizar comparativamente a estrutura, o funcionamento, os parámetros característicos e as aplicacións destes dous tipos de motores e interpretar correctamente as súas curvas de potencia e par motor.</li> <li>• Calcular rendementos de motores térmicos tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento.</li> </ul>			
<b>Actividades e tarefas. Secuencia didáctica:</b>			
<p>Formación de grupos para traballo colaborativo. Familiarización cos grupos de traballo na aula virtual.</p> <p>Investigación sobre a figura de August Otto e Rudolf Diesel e a súa contribución á automoción.</p> <p>Realización dunha presentación sobre a biografía dos enxeñeiros citados anteriormente e as súas achegas ao mundo da automoción.</p> <p>Explicación das diferenzas existentes, en canto a constitución, entre ambos motores.</p> <p>Descrición do funcionamento de cada motor, explicando os ciclos termodinámicos respectivos.</p> <p>Cálculo de rendementos en motores térmicos.</p>			
<b>Temporalización:</b>			
2º trimestre			
<b>Produto final:</b>			
<p><b>Recursos:</b> Aula virtual. Internet. Apuntamentos.</p> <p><b>Produto:</b> Arquivos de presentacións e arquivo de exercicios relacionados cos motores térmicos.</p> <p><b>Avaliación:</b> Arquivo de presentacións: 5 puntos. Arquivo de exercicios de motores térmicos: 5 puntos.</p>			

Instrumento de avaliación: rúbrica da tarefa.

TAREFA			
Nikola Tesla e o coche eléctrico.			
Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Máquinas: conceptos fundamentais, estrutura e tipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Definir e expor as condicións nominais dunha máquina ou unha instalación a partir das súas características de uso, presentándoas co soporte de medios informáticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TI2B2.1.2. Define as características e a función dos elementos dunha máquina, interpretando planos de máquinas dadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Máquinas eléctricas: tipos, funcionamento e aplicacións principais.</li> <li>B2.5. Magnitudes que definen as máquinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Describir as partes de motores eléctricos e analizar os seus principios de funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TI2B2.2.1. Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>TI2B2.2.2. Describe o funcionamento e as partes dos motores eléctricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> </ul>
Obxectivos Didácticos:			
<ul style="list-style-type: none"> <li>Indagar sobre a figura de Nikola Tesla e a súa importancia na aparición do coche eléctrico.</li> <li>Investigar a constitución e o funcionamento dun motor dun coche eléctrico.</li> <li>Describir o principio xeral de funcionamento dun motor eléctrico.</li> <li>Identificar os principais elementos que constitúen un motor de corrente continua e sinalar a función de cada un.</li> <li>Calcular rendementos de motores eléctricos tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento.</li> </ul>			
Actividades e tarefas. Secuencia didáctica:			
<p>Formación de grupos para traballo colaborativo. Familiarización cos grupos de traballo na aula virtual.</p> <p>Investigación sobre a figura Nikola Tesla e a súa contribución á aparición do coche eléctrico.</p> <p>Indagación sobre a constitución e funcionamento dun motor dun coche eléctrico.</p> <p>Realización dunha presentación sobre Tesla e sobre o motor eléctrico.</p> <p>Explicación dos distintos tipos de motores eléctricos que poden existir (de corrente continua e de corrente alterna).</p> <p>Estudo dos elementos que forman un motor de corrente continua e dos principios que rexen o seu funcionamento.</p> <p>Cálculo dos rendementos dun motor eléctrico en función das enerxías implicadas no seu funcionamento.</p>			
Temporalización:			
3º trimestre			
Produto final:			



**Recursos:**

Aula virtual. Internet. Apuntamentos.

**Produto:**

Arquivos de presentacións e arquivo de exercicios relacionados cos motores eléctricos de corrente continua.

**Avaliación:**

Arquivo de presentacións: 5 puntos.

Arquivo de exercicios de motores eléctricos: 5 puntos.

Instrumento de avaliación: rúbrica da tarefa.

## **5.2 Procedementos e instrumentos de avaliación**

